

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION EXTRAORDINARIA DO 21 DE NOVEMBRO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

González Sánchez, Elena

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vinteún de novembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López,

Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores concelleiros, iniciamos o Pleno número 15 en sesión extraordinaria, punto único da orde do día, aprobación inicial do Orzamento do Concello para o ano 2017, constátase quórum e ábrese sesión pública

ÚNICO(189).- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2017. EXPTE. 38/142 (1458/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 2 de novembro, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte proposta:

“Ao Pleno da Corporación de aprobación dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2017.

O Proxecto de Orzamentos do ano 2017, escomezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación.

Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAP, para o período 2017-2019, dos que se deu conta ao Pleno da Corporación, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar. Polo tanto, o criterio está delimitado polo marco orzamentario remitido. Así mesmo, hai que ter en conta o acordo do Consello de Ministros do día 10 de xullo de 2015, no que dando cumprimento ao previsto no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, fíxanse os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2016-2018 e o límite de gasto non financeiro do SPL para o devandito período, que quedan, cos seguintes límites:

OBXECTIVO	ANOS		
	2016	2017	2018
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade)	0,00%	0,00%	0,00%

EELL			
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	3,40%	3,20%	3,10%
Débeda Pública para o Conxunto das CCAA	22,50%	21,80%	20,90%
Débeda Pública para AC	72,60%	71,50%	69,20%
Débeda pública total	95,50%	96,50%	93,20%
Débeda Pública avaliada de xeito individual EE.LL (endebedamento)	110/75%	110/75%	110/75%
Taxa de referencia de variación do PIB (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,80%	2,20%	2,60%

O proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do previsto no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Como criterio máis salientable do anteproxecto, tendo en conta a TRCPIB, está o control do gasto que ven sendo unha norma xeral nestes últimos anos, véñense adoptando medidas de contención do gasto voluntario e operativo, incrementando as dotacións que teñen o seu emprego en programas sociais, educativos, benestar social e emprego, aínda que neste orzamento, refórzanse aínda máis as dotacións aos programas educativos e sociais. Os servizos de protección e promoción social medran na súa dotación un 8,51%, os de produción de bens públicos de carácter preferente, onde está os servizos educativos, deportes e cultura, o seu crecemento é dun 4,31%. En canto aos servizos públicos básicos, no só se mantén o incremento feito nos anos anteriores, senón que teñen un crecemento do 3,77%, na Entidade e un incremento do 5,64% nos estados consolidados.

O Proxecto está artellado igual que nos anos precedentes, nun contexto económico de nulo ou pequeno crecemento de ingresos, aínda que, as previsións do FMI estiman un crecemento do 2,2% do PIB para o ano 2017, o goberno está a prever un crecemento do 2,3%, en calquera caso, esta macro variable non vai a ter efecto algún sobre os recursos da Entidade Local, onde os ingresos non financeiros locais apenas teñen variación positiva en relación co ano anterior, coa excepción prevista para o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana e os axustes pola mellora na xestión das bases censais.

Se se ten en conta a totalidade dos recursos correntes non financeiros, a variación entre o ano 2016 e o previsto para o ano 2017, é do 2,03% en termos consolidados.

En canto á cesión dos tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, as previsións coas que se está a traballar, son dunha variación do 1% en relación coas entregas a conta do ano 2016, máis unha liquidación definitiva do ano 2015 pola mesma porcentaxe, sempre tendo en conta que a variación do PIB previsto para o ano 2016, é do 3,1% e a Taxa de Referencia do Crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo, está fixada no 2,2%.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Público colectivo mantén a previsión de ingreso do ano 2016.

En canto aos ingresos propios, os tipos impositivos en algúns dos impostos foron modificados, que xuntamente á mellora na xestión censal xera un incremento no capítulo I do 1,50%. O Capítulo II, tendo en conta o comportamento no ano 2016 e as previsións do ano 2017 o IIVTNU, xera unha mellora do 6,67% e o capítulo ten un crecemento do 2,1%.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantéñense as achegas do ano precedente, criterio que tamén se está a adoptar para as axudas a Drogodependencia. O Servizo de Axuda no Fogar aumenta a súa previsión, xustificada polo incremento no número de horas na prestación, que ademais supuxo un novo custe do contrato, cunha variación de máis do 30%.

En relación co produto do PPS, o seu destino será o do Plan da Panificadora, destino previsto no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Suelo de Galicia. A súa aplicación está vinculada ao propio investimento, polo que se considera un recurso afectado

Non hai previsión de subvención ou transferencia de capital doutras administracións no Proxecto do Orzamento en trámite, polo que, si houberse acordos sobre este tipo de achegas, entrarían no orzamento por modificación de orzamentos por xeración de créditos nos estados de gastos, non computando as mesmas aos efectos da Regra de Gasto por tratarse de financiamento afectado doutras administracións.

En relación co anterior, seguirán este procedemento o Proxecto DUSI, de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado, polo que habería que xerar crédito polo financiamento FEDER, por unha contía de 5.572.500,00 euros (80%), que xuntamente co financiamento municipal (20%) que figura no orzamento por unha contía de 1.393.125,00 euros, conforma a contía das anualidades 2016-2017 (6.965.625,00 euros). O mesmo tratamento terá o Convenio de infraestruturas da Excma. Deputación.

Este é o segundo ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais.

Artellado o expediente que conforma o Orzamento Xeral para o ano 2017, que está integrado polo da propia Entidade e o Organismo Autónomo Administrativo XMU, e visto, que o mesmo está completo e axústase ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axústase ás directrices dadas, comprobado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 19 de Xuño de 2015, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Proxecto de Orzamentos por Áreas de Gasto Entidade e consolidado, comparativo 2016-2017

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2017	2016		2017	2016	
0	Débeda Pública	,00	2.907.210,82	-100,00%	,00	2.907.210,82	-100,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	111.689.558,63	3,77%	118.262.805,78	111.947.227,85	5,64%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%
3	Producción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%
4	Actuacións de carácter económico	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%
9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%
Total		230.736.506,00	225.673.317,20	2,24%	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente¹

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	64.636.637,38	68.531.459,73	I	105.386.182,34	105.386.182,34
II	118.126.501,49	119.645.166,67	II	7.871.804,00	7.871.804,00
III	7.030,00	7.030,00	III	37.245.569,63	38.326.169,63
IV	32.884.979,13	27.061.579,13	IV	77.338.950,03	76.081.437,56
V	600.000,00	600.000,00	V	2.168.000,00	2.178.000,00
TOTAL G.Co.Op.NF	216.255.148,00	215.845.235,53	TOTAL I.Co.Op.NF	230.010.506,00	229.843.593,53
VI	13.528.498,00	16.221.498,00	VI	,00	2.500.000,00

¹ Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai a XMU, e os ingresos que o organismo fai á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise na XMU seguindo o mesmo criterio.

VII	305.000,00	355.000,00	VII	80.000,00	80.000,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	13.833.498,00	16.576.498,00	TOTAL I.Cp.ONF	80.000,00	2.580.000,00
TOTAL G.Op.NF	230.088.646,00	232.421.733,53	TOAL I.Op.NF	230.090.506,00	232.423.593,53
VIII	647.860,00	672.860,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	,00	,00	IX	,00	,00
TOTAL G.Op.Cp.F	647.860,00	672.860,00	TOTAL I.Op.Cp.F	646.000,00	671.000,00
TOTAL G.Op.Cp.	14.481.358,00	17.249.358,00	TOTAL I.Op.Cp.	726.000,00	3.251.000,00
T.X. GASTOS	230.736.506,00	233.094.593,53	T.X. INGRESO	230.736.506,00	233.094.593,53

Proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	3.894.822.35	3.894.822.35	0.00%			
2	1.518.665.18	1.440.240.37	5.45%			
3				1.080.600.00	1.365.489.77	-20.86%
4	1.325.512.47	1.375.512.47	-3.64%	5.891.400.00	5.705.407.84	3.26%
5				10.000.00	24.000.00	-58.33%
6	2.693.000.00	384.322.42	600.71%	2.500.000.00		100.00%
7	50.000.00		100.00%			0.00%
8	25.000.00	25.000.00	0.00%	25.000.00	25.000.00	0.00%
Total	9.507.000.00	7.119.897.61	33.93%	9.507.000.00	7.119.897.61	33.53%

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobo para o Organismo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2017-2020, que quedará sometido aos axustes que cada no se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no

parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2017, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2017, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, á proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda previo informe da Intervención Xeral Municipal.”

Con data 8 de novembro o interventor xeral emite o seguinte informe:

“Remitida a esta intervención o 3 de novembro de 2016 o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2017, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 168.4 e 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, ten a ben emitir o seguinte

Informe:

Primeiro.- Normativa de aplicación.

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante TRLRFL).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 h)).
- Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Segundo.- Definición e contido.

O orzamento xeral da entidade local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Tendo en conta que non consta a existencia de sociedades mercantís cuxo capital social pertenza na súa integridade á entidade local, e que con efectos do 1 de xaneiro do ano 2016 produciuse a extinción dos organismos autónomos locais Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias – Vigozoo, conforme dispoñen os artigos 164.1 TRLRFL e 6 RO, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse unicamente os orzamentos da propia entidade e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, comúns para o Concello e a XMU, así como as específicas da XMU.

Terceiro.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- ✓ Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- ✓ Liquidación do orzamento do exercicio 2015.

- ✓ Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2016, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, e estimación da liquidación do orzamento referida a 31 de decembro.
- ✓ Anexo de persoal comprensivo de informe da Área de Recursos Humanos e Formación ao capítulo 1 do estado de gastos, no que se inclúe o denominado “anteproxecto” do capítulo 1 e a súa valoración, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos, achegándose o cadro de persoal orzamentario así como a clasificación por programas e subconceptos orzamentarios das dotacións do citado capítulo.
- ✓ Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- ✓ Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- ✓ Anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Xunta de Galicia en materia de gasto social, asinado con data 7 de novembro de 2016 polo xefe de área de Política Social, no que comunica que na actualidade a concellería de Política Social non ten asinado ningún Convenio coa Xunta de Galicia polo que reciba financiamento para gasto social, e a cuxo texto me remito..
- ✓ Un informe económico-financeiro de ingresos elaborado pola Dirección de Ingresos e un informe económico-financeiro de gastos elaborado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, nos que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- ✓ Informe do Interventor de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.
- ✓ Os plans e programas de investimento e financiamento para un prazo de catro anos. O plan de investimentos complétase co programa financeiro, que contén:
 - a) O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
 - b) Os ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
 - c) Ás operacións de crédito que resultan necesarias para completar o financiamento, con indicación dous custos que vaian xerar, non estando prevista a concertación de operacións de endebedamento no citado período.
- ✓ O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co do orzamento da XMU. Este documento supón que "los presupuestos de los distintos entes con personalidad jurídica que realicen actividades municipales se unifican, eliminándose las posibles duplicidades, en cuanto a gastos e ingresos recíprocos, que puedan darse entre sí. Esto permite aportar la visión real de toda la actividad económico-financiera del ente, independientemente de las formas de

gestión de los servicios que hayan sido elegidas” [Alarcón García, 1996, p.100].

- ✓ O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

As consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia da aprobación dalgunha ou todas as emendas presentadas a éste, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun informe complementario ao presente, en particular se afectan á regra do gasto ou á estabilidade orzamentaria.

Cuarto.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos do Concello e o da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

Deste xeito, os créditos incluídos no estados de gastos do orzamento clasifícanse segundo os seguintes criterios:

- a) Pola finalidade dos créditos e obxectivos que con eles se pretende: Áreas de Gasto, Políticas de Gasto, Grupos de Programas e Programas.
- b) Pola natureza económica: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción da clasificación por programas e a partida económica, e constitúe a unidade elemental da información sobre a que se efectuará o control contable dos créditos e as súas modificacións.

A clasificación por programas estrutúrase con catro díxitos, representando o primeiro a Área de gasto, o segundo as Políticas de gastos, o terceiro o Grupo de programas e o cuarto o Programa.

A clasificación económica estrutúrase con sete díxitos, o primeiro define o capítulo, o segundo o artigo, o terceiro o concepto, o cuarto e quinto o subconcepto e o sexto e sétimo a partida.

A clasificación dos ingresos realízase conforme a súa natureza económica con tres niveis: Capítulo, artigo e concepto, ampliable ata o nivel de subconcepto, sendo este último o desenvolvemento que se fai na estrutura do estado de ingresos.

Quinto.- Prazo de presentación.

Tendo en conta a data na que foi recibido nesta Intervención o expediente para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2017, resulta posible que a aprobación definitiva e posterior publicación no BOP teña lugar antes do 31 de decembro do presente exercicio, polo que a entrada en vigor dos orzamentos terá lugar previsiblemente o 1 de xaneiro de 2017, se ben o citado expediente tramítase incumprindo os prazos establecidos no TRLRFL, que dispón que a remisión ao Pleno do proxecto de orzamento xeral para a súa aprobación inicial, enmenda ou devolución deberá realizarse antes do 15 de outubro do ano anterior ao que vai ter os seus efectos (art. 168.4 TRLRFL).

Sexto.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.

A análise do equilibrio orzamentario pode realizarse dende diferentes ámbitos ou perspectivas, uns esixidos pola normativa vixente e outros necesarios para a realización da análise económica.

En consecuencia, podemos distinguir os seguintes:

a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RO ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, cada un dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que ningún deles presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RO, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro-resumo:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
Estado de gastos	230.736.506,00	9.507.000,00	233.094.593,53
Estado de ingresos	230.736.506,00	9.507.000,00	233.094.593,53
Superávit/Déficit	0,00	0,00	0,00

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes

(capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasifícanse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2017 presenta o seguinte desglose:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS INGRESO OPERAC. CORRENTES	230.010.506,00	6.982.000,00	229.843.593,53
CRÉDITOS GASTO POR OPERAC. CORRENTES	216.255.148,00	6.739.000,00	215.845.235,53
SALDO POR OPERACIÓNS CORRENTES	13.755.358,00	243.000,00	13.998.358,00

c) Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC 95).

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERAC. NON FINANCEIRAS	230.090.506,00	9.482.000,00	232.423.593,53
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	230.088.646,00	9.482.000,00	232.421.733,53
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	1.860,00	0,00	1.860,00

d) Análise dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto e aforro neto.

A doutrina acuñou os termos aforro bruto e aforro neto para referirse aos fluxos que foron tradicionalmente empregados na análise orzamentaria, confirmando a tradicional esixencia da busca do equilibrio entre os recursos ordinarios ou correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) e as obrigas derivadas de operacións ordinarias, correntes e financeiras (capítulos 1 a 5 e 9 do estado de gastos).

O cálculo de fluxos orzamentarios permite comprobar a existencia de equilibrio nas operacións de carácter ordinario e, por conseguinte, detectar as posibles tensións financeiras da entidade local.

O aforro bruto calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos de natureza corrente, que se caracterizan polo seu carácter recorrente ou habitual. Lóxicamente, a correcta interpretación desta magnitude esixe a depuración daqueles ingresos clasificados como correntes que non teñen carácter normal ou ordinario, e de aqueles que, pola súa natureza afectada, deban destinarse necesariamente a financiar gastos de inversión tales como as contribucións especiais, as cotas de urbanización ou os aproveitamentos urbanísticos.

O aforro bruto representa, polo tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte deste superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferenza resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de inversión, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, polo contrario, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recurrir á debeda ou á enaxenación de inversións para poder atender ao pago da carga financeira ou incluso as obrigas correntes.

Non debemos confundir o aforro neto orzamentario a que nos estamos a referir co aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRFL, necesario para determinar a necesidade ou non de obter autorización previa do órgano de tutela financeira para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.

Deste xeito, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes, unicamente se empregan para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Análise de fluxos orzamentarios:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
+ Ingresos correntes (capítulos 1 a 5)	230.010.506,00	6.982.000,00	229.843.593,53
- Ingresos correntes extraordinarios	0,00	0,00	0,00
- Ingresos correntes afectados	950.000,00 (1)	0,00	950.000,00
- Gastos correntes (capítulos 1 a 5)	216.255.148,00	6.739.000,00	215.845.235,53
Aforro bruto orzamentario	12.805.358,00	243.000,00	13.048.358,00
- Gastos amortización débeda (cap. 9)	0,00	0,00	0,00
Aforro neto orzamentario	12.805.358,00	243.000,00	13.048.358,00

1) Contribucións especiais incendios

Do que resulta que, dende un punto de vista dos fluxos orzamentarios, os proxectos de orzamentos do Concello de Vigo e a XMU, tanto analizados individualmente como en termos consolidados, se presentan equilibrados e con nivelación orzamentaria, de modo que os ingresos correntes ordinarios resultan suficientes para financiar a totalidade dos gastos correntes e as amortizacións dos pasivos financeiros do exercicio, resultando un aforro neto orzamentario que permite a financiación de novos gastos de capital por importe de 13.048.358,00 euros en termos consolidados.

En consecuencia, o aforro bruto orzamentario financia a formación de capital e a necesidade de financiación.

Sétimo.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 165 do TRLRFL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEOSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Pola súa banda, o art.º 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

Para estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, se é o caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art.º 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Por este motivo tense incorporado ao expediente informe independente desta Intervención de data 7 de novembro de 2016 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se conclúe que o proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Oitavo.- Bases de execución dos orzamentos.

As bases de execución conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade e dos seus organismos autónomos, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento (arts. 165.1 da TRLRFL e 9 do RO).

a) Contido mínimo. As bases de execución incluídas no proxecto de orzamento xeral do ano 2017 inclúen a regulación necesaria das materias a que se refire o art.º 9.2 do RO:

Materia	Base reguladora
---------	------------------------

niveis de vinculación xurídica dos créditos	4ª
relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliáveis, con detalle dos recursos afectados	13.2ª
regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas	9ª
tramitación dos expedientes de ampliación de créditos	13ª
tramitación dos expedientes de xeración de créditos	10ª
tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes de créditos	11ª
normas que regulen o procedemento de execución do orzamento	14ª e seguintes
desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas	15ª e seguintes
documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga	19ª
forma na que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais e xustificar a aplicación de fondos recibidos	38ª
supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo	14ª
normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa	23ª e 24ª
regulación dos compromisos de gastos plurianuais	26ª

b) Os niveis de vinculación xurídica establecidos na base 4ª.2 de execución dos orzamentos son os seguintes:

1. Capítulos I, III, VIII, e IX: Áreas de gasto e capítulo. Con todo, terán carácter vinculante co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os incentivos ao rendemento (produtividade e gratificacións).
2. Capítulo II e IV, a vinculación será por programa e artigo. Maila o anterior, se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito ou crédito extraordinario, a vinculación será consigo mesma, é dicir, (aplicación orzamentaria) programa de gasto e partida económica.
3. As aplicacións que conforman os capítulos VI e VII financiados con recursos propios, o seu nivel de vinculación será o do programa e artigo.
4. A Aplicación do Fondo de Continxencia, 9290.5000000, non vincula con ningunha.

Se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito, dun crédito extraordinario ou con calquera tipo de financiamento afectado, o seu nivel de vinculación será consigo mesma, é dicir, aplicación (programa e partida), coa excepción no caso da xeración de crédito, que a mesma se faga sobre unha aplicación que xa tiña consignación, neste caso, a vinculación manterá o nivel de vinculación previsto inicialmente.

Estes niveis de vinculación xurídica dos créditos considéranse acertados para unha adecuada xestión dos gastos.

c) Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

A lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas.

Neste novo marco de xestión orzamentaria e para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento, a citada Lei 2/2012, do 27 de abril, estende a determinadas Corporacións Locais, entre as que se atopa o Concello de Vigo, a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un fondo de continxencia.

Neste sentido, o artigo 31 da citada norma establece que "*O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais incluírán nos seus orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando proceda, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.*

A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias".

En consecuencia, O Concello de Vigo, a través da base 5ª bis de execución dos orzamentos para 2017, regula de forma específica a dotación ao Fondo de Continxencia na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros, nos seguintes termos:

"1.- (.../) o Fondo de Continxencia, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros.

2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado (.../).

3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.

4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades. O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial."

En canto á finalidade e condicións de aplicación, a regulación contida na base 5ª bis estímase congruente coas esixencias establecidas no antedito precepto da LOEOSF.

No que atinxe a súa contía, a dotación orzamentaria establecida supón un 0,26% do importe total dos gastos non financeiros do Concello de Vigo, excluído o importe do propio Fondo, polo que, no caso de resultar preciso a súa utilización, as necesidades cubertas polo Fondo terán o seu límite cuantitativo na citada dotación orzamentaria.

d) Dotación a saldos de dudoso cobro.

A base 54ª establece os coeficientes para a dotación dos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, dende o 80% ata o 100%, en función da antiguidade dos mesmos.

O artigo 193.bis do TRLRFL, incorporado pola Lei 27/2013, establece que os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento. Os correspondentes ao exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento, o cuarto e quinto, nun 75 por cento, e os superiores, nun 100 por cento; polo que as porcentaxes de dotación previstas na base 54ª son superiores ás dotacións mínimas previstas no citado artigo 193 bis do TRLRFL, dándose cumprimento deste xeito ao disposto no citado precepto.

e) Outros extremos e conclusións.

Examinadas as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos para o exercicio 2017, non se aprecian incumprimentos da normativa vixente en materia orzamentaria nin económico-financeira, entendendo que o seu contido e finalidade axústanse ao establecido na normativa reguladora das facendas locais.

Noveno.- Estado de gastos.

O Proxecto de Orzamento Xeral presenta uns créditos de 233.094.593,53 euros, o que supón un incremento do 3,17 por cento respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior, ou o que é o mesmo 7.163.607,11 euros máis que no ano 2016. Se a análise comparativa a facemos respecto ao Orzamento Non Financeiro a variación entre ambos os dous exercicios é tamén positiva e supón un total de 9.890.666,40 euros de incremento en 2017 sobre 2016, é dicir un 4,44 por cento máis, en termos porcentuais.

PROYECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS DO
CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS
(DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULO)

CAPÍTULOS	PROYECTO DE ORZAMENTO 2017	ORZAMENTO 2016	VARIACIÓN % 17/16
1 GASTOS DE PERSOAL	68.531.459,73	67.950.460,54	0,86%
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	119.645.166,67	116.743.530,16	2,49%
3 GASTOS FINANCEIROS	7.030,00	185.321,53	-96,21%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	27.061.579,13	27.268.079,13	-0,76%
5 FONDO CONTINXENCIA E IMPREVISTOS	600.000,00	600.000,00	0,00%

GASTOS CORRENTES	215.845.235,53	212.747.391,36	1,46%
6 INVERSIÓN REAIS	16.221.498,00	9.448.675,77	71,68%
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	355.000,00	335.000,00	5,97%
OPERACIÓN DE CAPITAL NON FINANCEIRAS	16.576.498,00	9.783.675,77	69,43%
GASTOS NON FINANCEIROS	232.421.733,53	222.531.067,13	4,44%
8 ACTIVOS FINANCEIROS	672.860,00	671.000,00	0,28%
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	2.728.919,29	-100,00%
OPERACIÓN FINANCEIRAS	672.860,00	3.399.919,29	-80,21%
TOTAL GASTOS	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

A distribución por partidas do Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o da XMU, así como as variacións con respecto ao exercicio precedente, son obxecto de análise detallado tanto na memoria como nos informes económico-financeiros incorporados ao expediente.

Capítulo I: Gastos de persoal.

O Capítulo 1 "Gastos de Persoal" para 2017 ascende a 68.531.459,73 euros, dos cales, 64.636.637,38 euros corresponden ao Concello de Vigo e 3.894.822,35 á XMU. O orzamento total consolidado deste capítulo supón unha incremento do 0,86 por cento respecto ao de 2016.

O importe total da valoración do anteproxecto do capítulo 1 feita pola Área de Recursos Humanos e Formación é coincidente co importe total consignado no capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

Segundo a documentación preparatoria do proxecto de Orzamento, as dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento do 1% con respecto ás do exercicio 2016. Se ben nunha situación de prórroga da Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano 2016 -tal e como previsiblemente sucederá- o incremento retributivo do 1% previsto na citada Lei non resultaría aplicable, o Goberno ten anunciado a súa intención de aprobar o citado incremento retributivo, que podería levarse a cabo mediante a aprobación dun Decreto-Lei. Neste sentido resultaría máis aconsellable que as dotacións correspondentes ao posible incremento retributivo, dada a súa incerteza, se recolleran nunha aplicación do capítulo 5 de gastos "Fondo de continxencia e imprevistos".

Ademais as retribucións dos funcionarios do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto

861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións.

Según o disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, a cantidade que resulte de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida al personal laboral, a suma das cantidades que ao personal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, destinarase:

- a) Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou peligrosidade para a Policía Municipal e Servicio de Extinción de Incendios.
- b) Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.
- c) Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

Examinadas as cifras presupostadas, obtéñense as seguintes porcentaxes:

Base de cálculo: 15.429.357,80 (Complemento específico, produtividade, gratificacións e gastos de formación do persoal)

Subconcepto	Descrición	Importe	Porcentaxe	Porcentaxe límite	Importe límite
121.01	Complemento específico	14.484.347,44	93,88%	75%	11.572.018,35
150.00	Complemento produtividade	500.000,00	3,24%	30%	4.628.807,34
151.00	Gratificacións	400.000,00	2.59%	10%	1.542.935,78
	Base de cálculo	15.429.357,80			

Tendo en conta o exposto, na fase de execución e liquidación orzamentaria deberá verificarse o cumprimento dos anteditos límites, de xeito que ao final do exercicio a contía total dos citados conceptos retributivos non exceda dos importes máximos sinalados. En calquera caso, as contías máximas previstas na Disposición Adicional 7ª das Bases de Execución dos Orzamentos atoparíanse dentro dos límites sinalados.

Polo que se refire á plantilla orzamentaria, o Concello de Vigo recolle no orzamento presentado un total de 1.457 postos de traballo, dos que 294 atópanse vacantes (o 20,17%).

En relación coa Oferta de Emprego Público, conforme ao disposto na parte normativa da LOXE 2016 -artigo 20-, únicamente poderá procederse á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos no citado precepto, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.

Respectando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do Capítulo I dos

correspondentes orzamentos de gastos, nos seguintes sectores a taxa de reposición (TRE) se fixará ata un máximo do 100 por cento:

- No ámbito da Administración Local, ás correspondentes ao persoal da Policía Local e dos servizos de prevención e extinción de incendios. Nestos casos, poderase alcanzar o cen por cento da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de Entidades Locais que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento. Ademais deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior coma no orzamento vixente. En relación con este último, a Entidade deberá adoptar un Acordo do Pleno ou órgano competente no que se solicite a reposición das prazas vacantes e no que se poña de manifesto que aplicando esta medida non se pon en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. O indicado no presente parágrafo deberá ser acreditado pola correspondente Entidade Local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas.
- Ás Administracións Públicas respecto do control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.
- Ás Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.
- Asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.
- Xestión de políticas activas en materia de emprego.

Nos sectores e Administracións non recollidos no apartado anterior, a taxa de reposición se fixará ata un máximo do 50 por cento.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario de 2016, deixaron de prestar servizos en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, previstos no apartado anterior e o número de empregados fixos que se tivesen incorporado nos mesmos no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado dende situacións que non leven consigo a reserva de postos de traballo. Para estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

Esta previsión ten que ser conxugada coa esixencia contida no artigo 28 da Lei

"1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.

2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o, excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.

3. Una vez modificada la relación de puestos de trabajo, la persona afectada será adscrita al puesto de nueva creación.

4. Incurrirán en responsabilidad, en los términos previstos por la presente ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en indefinida de una relación laboral de carácter temporal o a la adquisición de la condición de empleado público por una persona que no la ostentara."

Así mesmo, non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. A estes efectos, a Xunta de Goberno Local, na sesión de data 20 de xuño de 2014, estableceu aqueles servizos e sectores que se consideran prioritarios no Concello de Vigo aos efectos de dar cumprimento ás limitacións á contratación de persoal temporal previstas nas sucesivas Leis de Orzamentos de cada ano, a cuxo texto me remito.

A taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores prioritarios poderá acumularse noutro ou outros dos sectores considerados no citado precepto ou naqueles Corpos, Escalas ou categorías profesionais dalgún ou algúns dos mencionados sectores, cuxa cobertura se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para a acción social, así como para atender os gastos por achegas aos plans de pensións do persoal dependente do Concello de Vigo e da XMU.

Nos orzamentos aparecen consignadas as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación nos termos e coas limitacións establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 75 da LRBRL.

As retribucións dos membros da Corporación municipal non superan, en ningún caso, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, establecido, para os municipios con poboación entre 150.001 e

300.000 habitantes, en 80.000 euros, segundo a disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, modificada polo artigo undécimo do Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas.

O número de membros da Corporación que presta os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excede do límite sinalado no apartado j) do artigo 75 ter da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, e aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Así mesmo, o número de postos de traballo de persoal eventual incluídos na plantilla non excede do límite sinalado no apartado f) do artigo 104 bis da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro e igualmente aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Tendo en conta que segundo o apartado 4 do artigo 104.bis da LRBRL, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla apareza consignado e só excepcionalmente poderán asignarse, con carácter funcional, a outros dos servizos ou departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectise expresamente o seu regulamento orgánico, dende o punto de vista orzamentario, as retribucións do persoal eventual aparecen reflectidas nas aplicacións orzamentarias incluídas na Política de Gasto 91 "Órganos de goberno" da Área de Gasto 9 da clasificación por programas do estado de gastos do orzamento, concretamente na aplicación orzamentaria 9120 1100000 "Retribucións persoal eventual de gabinete e ...".

Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público², tamén forma parte da documentación incorporada ao expediente, acta da Mesa Xeral de negociación de data 02/11/2016.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímase suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables e indemnizacións a satisfacer polo Concello de Vigo e os seus Organismos autónomos ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

Non obstante, se temos en conta os datos das liquidacións dos últimos exercicios liquidados (2010 a 2015), podemos constatar como os créditos iniciais asignados ás aplicacións orzamentarias 9220.1500000 "productividade" e 9220.1510000 "gratificacións" unicamente representan, por termo medio, o 28,25% e o 27,30%,

2 Artículo 37 EBEP . Materias objeto de negociación.

1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:

a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas.

(.../).

respectivamente, do importe total das obrigas recoñecidas a fin de exercicio, sendo a previsión do servizo de recursos humanos que no ano 2017 se manteña esta tendencia de gasto.

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2015	150 00	301.437,49	1.653.010,34	1.954.447,83	1.769.596,44	17,03%	90,54%
2014	150 00	301.437,49	898.562,51	1.200.000,00	1.181.968,44	25,50%	98,50%
2013	150 00	400.000,00	615.479,02	1.015.479,02	888.085,56	45,04%	87,45%
2012	150 00	400.000,00	695.622,31	1.095.622,31	1.044.016,72	38,31%	95,29%
2011	150 00	400.000,00	992.744,61	1.392.744,61	1.217.358,09	32,86%	87,41%
2010	150 00	150.000,00	987.292,42	1.137.292,42	812.427,68	18,46%	71,44%

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2015	151 00	500.000,00	988.861,56	1.488.861,56	1.478.786,31	33,81%	99,32%
2014	151 00	500.000,00	976.910,28	1.476.910,28	1.448.358,36	34,52%	98,07%
2013	151 00	500.000,00	1.014.326,00	1.514.326,00	1.472.177,68	33,96%	97,22%
2012	151 00	500.000,00	970.619,23	1.470.619,23	1.460.875,30	34,23%	99,34%
2011	151 00	500.000,00	1.332.024,04	1.832.024,04	1.825.167,86	27,39%	99,63%
2010	151 00	200.000,00	2.194.875,38	2.394.875,38	2.206.321,26	9,06%	92,13%

Por este motivo, tendo en conta que as dotacións iniciais previstas nas citadas aplicacións orzamentarias para o ano 2017 establécense en 400.000,00 euros para gratificacións e 500.000 euros para complemento de produtividade, a previsible insuficiencia de crédito orzamentario para atender as obrigas xeradas con cargo ás mesmas, corríxase, de ser o caso, mediante a/as oportuna/s modificacións de créditos que se tramiten con cargo ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas dotadas orzamentariamente.

O mesmo pode concluirse con respecto a dotación adicional necesaria, de ser o caso, para facer fronte aos gastos imputables á aplicación 9200.1400000 "interinos sen praza" -cunha dotación inicial prevista de 200.000 euros-, dado que, tal e como pon de manifesto a xefatura de recursos humanos no seu informe ao capítulo 1 do estado de gastos do orzamento, "*Ainda que o nomeamento de persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, debido ao elevado número de vacantes existentes, o importe do gasto realizado na aplicación 920.0.1400000 vense incrementando ano tras ano*", prevendo este servizo no ano 2017 un incremento de nomeamentos interinos por acumulación de tarefas. A estes efectos, recordar que o gasto imputado no ano 2015 a esta aplicación foi de 2,10 millóns de euros, estando previsto un gasto de 2,43 millóns no presente exercicio 2016.

Polo contrario, de considerarse adecuada a dotación inicial destas aplicacións

polo importe estimado anual, entendo que debería facerse unha amortización de prazas vacantes non incluídas nas ofertas de emprego público, liberando deste xeito crédito orzamentario para outras finalidades sen incrementar o teito de gasto. Por este motivo, para garantir unha adecuada estabilidade e equilibrio orzamentario, debe facerse un control e seguimento constante do capítulo 1 do estado de gastos dos orzamentos, así como da execución das Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores, de modo que se garanta en todo momento a suficiencia dos créditos presupostados para atender ao cumprimento dos gastos de persoal.

- Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos.

O Proxecto de Orzamentos do Capítulo II ascende a 118.126.501,49 euros, que supón unha variación do 2,45 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2016, e representa un 51,20 por 100 respecto do total do orzamento e un 51,34 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2016 é do 2,49 por 100.

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 119.645.166,67 euros, representa o 51,33 por 100 sobre o orzamento total e o 51,48 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

Este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo. De acordo á Memoria e ao informe económico, están dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións contractuais -en todos aqueles casos nos que non se tivese renunciado a este dereito pola entidade prestadora do mesmo-, que se limitaron as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares, coa excepción de determinados programas de política social.

Para garantir o control dos gastos correntes non financeiros, aplícase o sistema de calquera novo gasto ou ampliación do mesmo, require que a unidade proponente reduza gasto no mesmo programa funcional ou noutro da súa área de competencia pola mesma contía, ou ben aporte novos ingresos para financiar o novo ou maior gasto (pay-go), como fórmula para acadar os equilibrios orzamentarios e de garantir unha disciplina orzamentaria. Seguindo o modelo orzamentario proposto, se acometeron os novos gastos financiados con baixas noutras partidas.

Por esta intervención tense comprobado que neste capítulo inclúense as dotacións necesarias para facer fronte aos compromisos de gasto correspondentes á anualidade de 2017 dos gastos de carácter plurianual, así como dos expedientes tramitados no exercicio 2016 co carácter de anticipados de gasto.

- Capítulos 3 e 9: Gastos financeiros e Pasivos financeiros.

O Capítulo 3 do Orzamento Consolidado para 2017 ascende únicamente a 7.030,00 euros, importe que supón unha redución do 96,21 por cento respecto aos créditos consignados inicialmente o ano anterior, ou o que é o mesmo unha

minoración en termos absolutos de 178.291,53 euros, aos que hai que engadir unha minoración adicional por importe de 878.397,47 euros con respecto ao exercicio 2015.

Non se consigna importe algún para facer fronte ao aboamento de xuros de préstamos bancarios, xa que nin o Concello de Vigo nin a XMU teñen préstamos pendentes de reembolso coas entidades financeiras, nin se prevé a súa concertación ao longo do exercicio 2017, razón polo que o peso ponderado deste capítulo sobre o total do Orzamento é absolutamente insignificante (0,00%).

Non se contemplan neste capítulo gastos financeiros devengados como consecuencia da posible concertación de operacións de crédito a curto prazo, estimándose razoable tal consideración habida conta de que non se prevén déficits transitorios de liquidez ao longo do exercicio, segundo o plan de tesouraría elaborado polo tesoureiro municipal.

O Capítulo 9 do orzamento non recolle dotación orzamentaria algunha para facer fronte ás amortizacións das operacións de crédito a longo prazo pendentes de reembolso xa que, como temos dito, nin o Concello nin a XMU ten débeda financeira.

Neste capítulo non se inclúen os saldos que debe reintegrar o Concello de Vigo ao Estado derivado das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado correspondente aos exercicios 2008 e 2009 conforme ao disposto na DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que computan, non como gasto, senón como menor ingreso.

- Capítulo 4: Transferencias correntes.

No estado de gastos prevese a concesión directa de subvencións nominativas, constando expresamente a dotación orzamentaria e o beneficiario de cada unha de elas, en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Pola súa beira, o artigo 65 do RLXS define as subvencións nominativas como aquelas nas que o obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen designados expresamente no estado de gastos do orzamento, razón pola que entendo que resultaría recomendable incluír anualmente nas Bases de Execución dos Orzamentos o detalle das subvencións nominativas incluídas nos estados de gastos do orzamento anual -beneficiario e importe-, coa especificación do seu obxecto ou xustificación.

A LXS prevé a posibilidade de conceder de forma directa, sen unha convocatoria aberta, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, parece que, nestas subvencións, a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

Ademais, tendo en conta que o crédito orzamentario nominativo conleva un trato singular a favor dun terceiro -o beneficiario-, resultaría convinte que na

documentación que integra o expediente orzamentario, memoria ou informe económico-financieiro de gastos, tal singularización se motive ou xustifique adecuadamente.

Por fin, lémbrese a conveniencia de incorporar como subvencións nominativas nos orzamentos aquelas que regularmente se veñen concedendo, ano tras ano, a determinadas persoas ou entidades por razón de interese público, social, económico ou humanitario ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións, dado que nestes supostos a citada norma prevé a súa concesión de forma directa con carácter excepcional.

En canto ás dotacións ao Transporte Urbano colectivo increméntase as dotacións do ano anterior para facer fronte ao maior gasto que supón o custo adicional de subvencionar o transporte ao Hospital Álvaro Cunqueiro e as políticas do transporte metropolitano (páxina 10 da memoria).

Coa finalidade de regular un tratamento homoxéneo da relación xurídica das subvencións nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS). O art. 17.2 da Lei establece que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En consecuencia, para garantir o principio de concorrencia, despois dos anos transcorridos, resultaría convinte continuar coa tramitación administrativa da Ordenanza que xa foi informada polo servizo de fiscalización con data 13 de novembro de 2012.

A todo o proceso de concesión de subvencións, aos efectos de dar cumprimento ao contido da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, darase a publicidade de todas as contías e suxeitos beneficiarios polas mesmas.

- Capítulos 6 e 7: Investimentos reais e transferencias de capital.

O estado de gastos consolidado contempla operacións de capital non financeiro, investimentos e transferencias de capital, por importe de 16.576.498,00 euros, que se financian na súa totalidade con superávit corrente non financeiro. Non consta, polo tanto, compromiso algún doutras Administracións Públicas ou axentes privados para financiar investimentos conxuntamente coa Entidade Local.

O capítulo 6 componse de proxectos de inversión cuxa codificación, denominación e financiación inclúese na Memoria e no Plan de Investimentos e Financiamento -PAIF- do Orzamento Xeral para o exercicio 2017.

As aplicacións orzamentarias do capítulo 6 recollen as anualidades correspondentes ao exercicio 2016 dos compromisos de investimentos plurianuais.

A execución dos proxectos financiados cos créditos do capítulo de investimentos ten que dar cumprimento aos límites da Regra de Gasto e garantir a consecución do obxectivo estabilidade orzamentaria anual, polo que debe ser prioritario facer unha planificación na tramitación destes expedientes de modo que a execución dos

proxectos de gasto se acomode ás dotacións orzamentarias previstas para o exercicio, garantindo o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte.

No anexo de investimentos e no estado de gastos do orzamento constan, entre outras, a partida 3420 6320002 "1ª parte da 2ª fase do campo de futbol cabral carballal" cunha dotación inicial de 950.000,00 euros. Tal e como xa deixamos constancia no informe ao proxecto do orzamento xeral para o exercicio 2016, esta aplicación orzamentaria debe referirse á previsión de realizar investimentos nunhas instalacións deportivas que non son de propiedade municipal.

A este suposto, realización de obras en terreos que non son propiedade do órgano de contratación, tense referido a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no Informe 13/09, de 25 de setembro de 2009, nos seguintes termos:

"Una de las características del contrato de obras es que las mismas se ejecuten en un bien propiedad del órgano de contratación. A tal fin la Ley de Contratos del Sector Público en su artículo 110.1 dispone que aprobado el proyecto y previamente a la tramitación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución, que será requisito indispensable para la adjudicación en todos los procedimientos, señalando el apartado 2 la excepción referida a tal requisito en los expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte y de carreteras, en los que se dispensará del requisito previo de disponibilidad de los terrenos. Respecto de los casos de cesión de terrenos o locales el apartado 3 exige que tales cesiones se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes.

La disponibilidad de los terrenos como documento incorporado al replanteo del proyecto, trámite que se verifica nuevamente en el acto de comprobación de replanteo, regulado en el artículo 212 de la Ley y en el artículo 139 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, tiene por finalidad garantizar que el órgano de contratación dispone efectivamente de los terrenos sobre los que se ejecutarán las obras tanto en cuanto se refiere a la instrumentación del expediente como respecto de la posición que el contratista asume en el contrato, configurándose como señalamos por tal motivo como un requisito básico del contrato de obras.

La disponibilidad de los terrenos se acredita mediante el documento de titularidad del mismo con expresión de su libre disposición previo cumplimiento, respecto de las Entidades locales, de las disposiciones establecidas al efecto en el Reglamento de bienes de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, de las que cabe destacar la obligación de inscripción del bien en el Registro de la Propiedad y la incorporación al inventario de los bienes y derechos de la Entidad local."

En definitiva, nos contratos de obras, consonte ao disposto no artigo 126 do

TRLCSPP, previamente á tramitación do expediente de contratación deberá procederse a efectuar o replanteo do proxecto, que consiste, entre outros extremos, en verificar a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, polo que, no caso que nos ocupa, tal dispoñibilidade requirirá a previa cesión dos bens por un período de tempo determinado.

Neste sentido, compre lembrar que a adscrición ou cesión gratuíta do uso de bens e dereitos, cando se realice por un período de tempo indefinido ou cando menos similar á vida económica do ben, suporá para a entidade receptora o tratamento como una subvención en especie recibida, dando de alta os bens polo seu valor razoable, e contablemente realizarase un cargo á conta (21) Inmovilizacións materiais e, polo contrario, cando a cesión se realice por un período de tempo inferior á vida económica do ben, a entidade beneficiaria rexistrará un inmovilizado intanxible polo valor razoable do dereito de uso do ben cedido.

No capítulo 6 do estado de gastos “Inversións reais” tamén consta, como contrapartida ao concepto de ingresos 60300, a aplicación orzamentaria de gastos 1510 6210000 “Recuperación Plan Panificadora”.

Neste sentido, o produto da monetarización do PMS, como consecuencia do alleamento dos bens que o integran, constitúe un recurso afectado ao cumprimento das finalidades impostas pola lexislación urbanística.

Pola súa beira, o artigo 5 do TRLRFL establece que: *“Os ingresos procedentes do alleamento ou gravame de bens e dereitos que teñan a consideración de patrimoniais non poderán destinarse ao financiamento de gastos correntes, salvo que se trate de parcelas sobrantas de vías públicas non edificables ou de efectos non utilizables en servizos municipais ou provinciais”*.

En consecuencia, verifícase o cumprimento das limitacións de destino impostas pola lexislación urbanística e orzamentaria ao atoparse encadradas, tanto o concepto de ingresos como a partida de gastos nos capítulos 6 dos estados de ingresos e gastos respectivamente. En todo caso, o proxecto de gasto identificado co código 17151010 deberá ser obxecto do adecuado control e seguimento contable para garantir que os recursos afectados dedícanse ás finalidades previstas legalmente.

Décimo.- Estado de ingresos.

O estado de ingresos do Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2017, que comprende o do Concello de Vigo e o da XMU, ascende a 233.094.593,53 euros, con un incremento do 3,17% por cento respecto ao exercicio 2016.

O Proxecto de Orzamento consolidado de ingresos do Concello e a XMU para 2017, así como as súas variacións por capítulos respecto ao de 2016, recóllense no seguinte cadro:

PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS DO
CONCELLO DE VIGO E XMU
(DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)

CAPÍTULOS	PROXECTO DE ORZAMENTO 2017	ORZAMENTO 2016	VARIACIÓN % 17/16
1 IMPOSTOS DIRECTOS	105.386.182,34	103.831.645,34	1,50%
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	7.871.804,00	7.709.710,00	2,10%
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	38.326.169,63	38.072.066,96	0,67%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	76.081.437,56	73.454.173,76	3,58%
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	2.178.000,00	2.192.390,36	-0,66%
OPERACIONES CORRENTES	229.843.593,53	225.259.986,42	2,03%
6 ENAXENACIÓN INVERSIÓN REAIS	2.500.000,00	0,00	100,00%
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	80.000,00	0,00	100,00%
OPERACIONES DE CAPITAL NON FINANC.	2.580.000,00	0,00	100,00%
INGRESOS NON FINANCEIROS	232.423.593,53	225.259.986,42	3,18%
8 ACTIVOS FINANCEIROS	671.000,00	671.000,00	0,00%
9 PASIVOS FINANCEIROS	0	0,00	0,00%
OPERACIONES FINANCEIRAS	671.000,00	671.000,00	0,00%
TOTAL INGRESOS	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

Polo que se refire á estrutura do proxecto de Orzamento de Ingresos para o ano 2017, os ingresos correntes supoñen o 98,61 por cento do total, isto é, a práctica totalidade dos ingresos municipais, e os de capital o 1,39 por cento, mantendo practicamente o mesmo peso específico dos ingresos correntes sobre o total que no exercicio precedente.

Os Ingresos Tributarios (Capítulos 1 e 2 e artigos 30, 31, 32, 33 e 35 do Capítulo 3) son os recursos máis importantes, xa que supoñen o 60,53% por cento dos ingresos totais. Dentro destes ingresos tributarios, os impostos directos representan o 74,70 por cento destes, os indirectos o 5,58 por cento e as taxas o 19,72 por cento restante.

- Capítulos 1 a 3.

En primeiro lugar, debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados (capítulos 1 a 3) se realizou sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).

En efecto, podemos comprobar como nos tres últimos ejercicios liquidados (2013 a 2015) a recadación total, tanto de ejercicio corrente coma de pechados, obtida polos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos aproximouse aos importes inicialmente presupostados.

2015	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	102.241.340,00	95.724.250,18	7.318.176,71	103.042.426,89	801.086,89	0,78%
CAP. 2	6.501.120,00	8.203.868,56	97.923,76	8.301.792,32	1.800.672,32	27,70%
CAP. 3	35.251.477,40	34.326.199,95	3.175.969,49	37.502.169,44	2.250.692,04	6,38%
TOTAL	143.993.937,40	138.254.318,69	10.592.069,96	148.846.388,65	4.852.451,25	3,37%

2014	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	102.241.340,00	93.887.275,01	8.053.600,44	101.940.875,45	-300.464,55	-0,29%
CAP. 2	6.501.120,00	7.443.156,69	58.379,38	7.501.536,07	1.000.416,07	15,39%
CAP. 3	35.251.477,40	34.063.709,59	2.857.363,54	36.921.073,13	1.669.595,73	4,74%
TOTAL	143.993.937,40	135.394.141,29	10.969.343,36	146.363.484,65	2.369.547,25	1,65%

2013	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	101.703.710,00	92.224.924,69	6.438.370,03	98.663.294,72	-3.040.415,28	-2,99%
CAP. 2	6.749.060,00	6.099.230,96	300.940,86	6.400.171,82	-348.888,18	-5,17%
CAP. 3	35.051.477,40	35.420.138,83	3.090.533,72	38.510.672,55	3.459.195,15	9,87%
TOTAL	143.504.247,40	133.744.294,48	9.829.844,61	143.574.139,09	69.891,69	0,05%

Para o cálculo dos ingresos previstos, utilizáronse as seguintes informacións:

- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2015 e a recadación de cada un dos conceptos.
- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2016.
- Unha estimación de ingresos para o ano 2017 derivada do acordo plenario de 3 de outubro de 2016, en particular no relativo á redución dalgunhas tarifas do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.
- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2017 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará os Servizos de Xestión Tributaria.
- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada. Aumento de ingresos na partida presupostaria 113 relativa ao imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana pola inclusión dos inmóveis que foron obxecto de regularización catastral (que incorporou, entre outras a inscrición da titularidade da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA, cuxa cuantía resulta relevante), e na partida presupostaria 112 relativa ao imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Rústica pola inclusión de solos urbanizables sen ordenación detallada de conformidade coa lei 13 / 2015 de 24 de xuño de modificación da lei do Catastro Inmobiliario .

A xuízo desta Intervención, a cuantificación dos importes que aparecen consignados nos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos, e as súas variacións con respecto ás dos exercicios precedentes, aparecen xustificadas no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, estimándose adecuadas as previsións incluídas no mesmo.

- Fondo complementario de financiación e Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado, concepto 42010, que figuran no orzamento para o ano 2017, foron as notificadas polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento) para a elaboración do orzamento do ano 2016, xa que na data de elaboración do proxecto de orzamento pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, non foi oficialmente comunicada a contía correspondente ao exercicio 2017. O importe do FCF incrementábase nun 1,72%, e dedúcense as compensacións polas liquidacións negativas pola Participación nos Tributos do Estado correspondentes aos anos 2008 e 2009, toda vez que estas deducións son practicadas mensualmente polo Estado nas entregas a conta. As deducións fanse íntegramente no concepto 42010, por ser este no que se fan as compensacións. Sobre esa contía, engadéselle a liquidación prevista do FCF do ano 2015 que será ingresada no ano 2017.

En canto á Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantense a contía dos anos 2014, 2015 e 2016 en 6.199.366,92 euros.

- Alleamento de investimentos reais (XMU).

Como xa fixemos constar no informe de intervención ao proxecto de orzamento da XMU para o ano 2017 que obra no expediente, no capítulo VI do orzamento de ingresos da XMU ("Alleamento de investimentos reais"), e, polo tanto, no orzamento consolidado, figura o concepto de ingresos 60300 "Alleamento de terreos PMS" por un importe de 2,5 millóns de euros. A este respecto o informe económico-financeiro do orzamento da XMU di textualmente que: *"(.../) incorpórase o concepto de alleamento de elementos do PMS, no que se inclúe a monetarización do patrimonio municipal do solo, como consecuencia do alleamento de bens que integran dito PMS. O importe de 2.500.000,00 euros, que figura neste concepto, forma parte do saldo da conta non orzamentaria 55438, correspondente a ingresos xa realizados e pendentes de aplicar"*.

Tal e como xa dixemos, o feito de considerar no proxecto de orzamento ingresos xa realizados non parece congruente co principio de anualidade recollido, entre outros, no artigo 163 do TRLRFL, aínda cando se trate de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento, como é o suposto que nos ocupa. O feito de recoller ingresos xa realizados nas previsións iniciais do orzamento de ingresos deriva do feito de que, tal e como se fai constar na documentación incorporada ao expediente, o importe obtido polo alleamento de bens integrantes do PMS figura contabilizado de forma provisional nunha divisionaria da conta non orzamentaria 554 "Cobros pendientes de aplicación" con carácter previo a súa aplicación definitiva, aplicación que deberá realizarse en todo caso con carácter previo ao inicio do expediente de gasto correspondente. A razón desta operativa contable parece radicar na non existencia, ata o de agora, dun proxecto de gasto ou unidade de gasto orzamentario perfectamente identificable tal e

como aparece definido na regra 21 da ICAL.

- Endebedamento.

No capítulo 9 de ingresos non aparece consignado importe algún dado que o Concello de Vigo non prevé a contratación durante o exercicio 2017 de ningunha operación de endebedamento a longo prazo para financiar as súas inversións, en congruencia co disposto no plan de investimentos e no programa financeiro.

Undécimo.- Endebedamento.

Tendo en conta, como dixemos ao longo do presente informe, que o Concello de Vigo e a XMU non teñen operacións de crédito pendentes de reembolso, o coeficiente de endebedamento é do 0,00%.

Duodécimo.- Tramitación e competencia.

De conformidade co disposto no TRLRFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as seguintes fases sucesivas:

- Aprobación do proxecto. Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).
- Presentación de enmendas. Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.
- Elevación ao Pleno. Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, enmenda ou devolución.
- Aprobación inicial. Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será unico, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.
- Publicidade. Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.
- Aprobación definitiva. O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A aprobación definitiva do orzamento xeral por el Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

Se ao iniciarse o exercicio económico non houberse entrado en vigor o

orçamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orçamento.

- Publicación e entrada en vigor. Publicación do orçamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

No que respecta é entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

- Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orçamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.
- Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orçamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orçamento definitivo aprobábase con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orçamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orçamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

CONCLUSIÓNS:

Visto o proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2017, integrado polo orçamento do propio Concello e o orçamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, presentado polo concelleiro delegado de orzamentos e facenda, pódese concluír o seguinte:

- Ao proxecto de orçamento xeral acompañanse os anexos e documentación complementaria esixidos nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL.
- O proxecto de orzamentos presentado axústase á estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Ningún dos orzamentos que integran o proxecto de orçamento xeral do Concello de Vigo presenta déficit inicial.
- O proxecto de orçamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU para o ano 2017 presenta un superávit por operacións correntes de 13.998.358,00 euros, un superávit por operacións non financeiras de 1.860,00 euros, un aforro bruto de 13.048.358,00 euros, e un aforro neto orzamentario de idéntica contía, polo que se presenta equilibrado e nivelado dende unha perspectiva orzamentaria.
- No ano 2017 non se prevé concertar novas operacións de crédito a longo prazo, financiándose a totalidade dos gastos de capital non financeiros previstos no

orçamento -inversións e transferencias de capital- co superávit corrente non financeiro.

- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- As Bases de Execución dos Orzamentos para o exercicio 2017 non conteñen prevención algunha que modifique ou contradiga a normativa vixente en materia económico-financiera e orzamentaria.
- As aplicacións orzamentarias incluídas no estado de gastos están dotadas de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos.
- A cuantificación dos importes que aparecen consignados no orzamento de ingresos aparece xustificada no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos e no resto da documentación incorporada ao expediente, estimándose adecuadas as previsións incluídas no mesmo.

Por todo canto antecede, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do TRLRFL, esta Intervención emite o presente informe ao proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2017, elaborado pola concellería de orzamentos e facenda, facendo constar as seguintes observacións e recomendacións.

Observación:

Na fase de execución e liquidación deberá verificarse o cumprimento das limitacións á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións establecidas no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Recomendacións:

- Resultaría convinte que na documentación que integra o expediente orzamentario - memoria, informe económico-financiero ou bases de execución dos orzamentos-, se motive ou xustifique adecuadamente a concesión das subvencións previstas nominativamente nos estados de gastos dos orzamentos, precisando o seu obxecto.
- Durante o exercicio orzamentario, deberá extremarse o control e seguimento dos gastos financiados cos créditos do capítulo 6 (inversións), para garantir o cumprimento do principio de anualidade dos créditos, e non por en risco a estabilidade orzamentaria anual nin a superación do teito de gasto como consecuencia da tramitación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito."

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 8 de novembro, acordou aprobar o proxecto de orzamentos para o ano 2017.

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 9 de novembro, estableceu o calendario para presentación de emendas e demais tramitación.

Na sesión que tivo lugar o día 14 de novembro, o Consello Social da Cidade tomou coñecemento do proxecto de Orzamentos.

Durante o prazo establecido presentáronse as seguintes emendas ao proxecto de orzamentos municipais:

O día 14 de novembro de 2016 o G.M. de Marea de Vigo e o día 15 de novembro de 2016 o G.M. do Partido Popular presentaron as seguintes emendas:

O grupo municipal de Marea de Vigo a través do seu voceiro, D. Rubén Pérez Correa, presenta, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1460/1101 emenda á totalidade.

O grupo municipal do Partido Popular a través da súa voceira, D^a Elena Muñoz Fonteriz, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1461/1101 presenta emenda ao estado de ingresos e gastos.

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario, Sr. Luís García Álvarez, emite informe con data 15 de novembro de 2016 ás emendas presentadas.

Informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria

Asunto: Emendas presentadas ao Proxecto do Orzamento para o ano 2017

Comisión Informativa: Xestión Municipal.

Calendario: Celebración da Comisión na que se fixa o prazo de apertura e peche para presentación de emendas: 09/11/2016 até 14/11/2016, presentación de informe e proposta sobre as emendas, o 15/11/2016. Debate das emendas en Comisión, o 16/11/2016.

Emendas presentadas, Grupo Político Municipal:

Partido Popular, N^o Rexistro do Pleno: 1461/1101, Parcial

Marea de Vigo, N^o Rexistro do Pleno: 1460/1101, a totalidade

Remisión da documentación para informe de: Secretaría Xeral do Pleno

Data da remisión: 9,30 horas do 15/11/2016

Remisión do Informe a: Secretaría Xeral do Pleno, 14,00 horas do 15/11/2016

Normativa aplicable:

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

Orde EHA/3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das Entidades Locais.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Informe

A Xunta de Goberno en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2016, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local para o ano 2017.

A Comisión de Orzamentos (Xestión Municipal), en xuntanza celebrada o día 9 de novembro de 2016, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais, poidan presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2016. O prazo fixado comezou o día 09/11 e rematou o día 14/11/2016.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 14/11/2016 e rexistradas na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente físico e telemático.

En relación coas emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, e todo elo sen prexuízo do informe que poida emitir a Intervención Xeral se das mesmas se alterase o informado sobre o cumprimento do obxectivo da Estabilidade Orzamentaria, vaise informar legal e tecnicamente sobre se o contido das mesmas, é si é posible, sobre a súa proposta de aceptación ou rexeitamento.

Limitacións regulamentadas no Regulamento Orgánico do Pleno

No informe de avaliación se terá en conta o contido do artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno:

1. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

2. Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

3. As emendas ó articulado das Bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 2.

4. Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

Outras limitacións de tipo legal ou de equilibrios orzamentarios

Ademais de terse que suxeitar ao contido do previsto no artigo 83 do ROP, deberán respectar as seguintes limitacións:

a) Se a emenda altera o contido do informe de estabilidade orzamentaria emitido pola Intervención Xeral e asinado o 08/11/2016, na que se avalía o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, non se axustaría ao contido da LOEOSF, polo que tería que ser rexeitada.

b) Se a emenda altera as dotacións previstas para facer fronte aos custes dos contratos formalizados vixentes, que daría lugar a non cobertura do devengo de obrigas que emanan dos mesmos, xerándose polo tanto un desequilibrio no proxecto

do orzamento, a emenda tería que ser rexeitada.

c) Se a emenda pon ou pode por en risco obxectivo, o funcionamento operativo dos servizos, de tal xeito que, non haxa capacidade para o funcionamento normal dos mesmos pola diminución que se está a facer das aplicacións afectadas a esta finalidade, tería que ser rexeitada.

d) Se a emenda xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, de tal xeito que, os recursos non cubran os empregos desta natureza, equilibrio este que debe manter o Proxecto que está en trámite, tería que ser rexeitada.

Solicitud de informe aos efectos de dar cumprimento ao artigo 83.5 do ROP

Aos efectos de emisión do informe técnico, o Sr. Secretario do Pleno, remitiu ás 9,30 horas da mañá do 15/11/2016, unha copia das mesmas, sendo esta o soporte documental sobre a que se está a emitir o informe.

En cumprimento do previsto no artigo 83.5, ao amparo do previsto na Resolución do Sr. Concelleiro de Xestión Municipal de data 25 de febreiro de 2016, informo.

Aos efectos de non repetir a identificación das aplicacións, no se reflicte no informe as aplicacións relacionadas que son obxecto da emenda, polo tanto, remítome á mesma.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

No prazo fixado, con data 14/11/2016, rexistrada o 15/11/2016, a Sra. Concelleira Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1461/1101, presentou emenda parcial, propondo diminución de ingresos, aumentos e diminucións en determinadas aplicacións así como a creación de aplicacións novas que conforman o Proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión, coa seguinte sínteses.

1.- Porcentaxe de diminución do 3% das previsións do IBI, IVTM, IAE e recollida do lixo, importe da diminución 3.234.839,26 euros.

2.- Aplicacións na que se diminúen gastos, a totalidade do capítulo 2 dos estados consolidados, porcentaxe de diminución, 8%, contía da diminución, 9.571.613,28 euros.

Aplicacións de capítulo 2 que incrementan, contía 114.643,03 euros

Aplicacións do capítulo 4 que incrementan, contía 1.156.100,00 euros.

Capítulo 5, redución da partida 929.500000 nun 66,67%, contía da redución, 400.000,00 euros.

Creación de novas aplicacións de gastos: 5.466.030,99 euros.

Avaliación da emenda

A emenda presentada, dende unha perspectiva formal, axústase ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, xa que tratándose dunha emenda incrementalista, ten a súa orixe en baixas doutras aplicacións, estando polo tanto equilibrada formalmente, non alterando cuantitativamente os orzamentos aprobados.

Sobre a redución dos conceptos de ingresos por unha porcentaxe do 3%.

Impostos do capítulo I:	2.730.839,26 euros
Recollida lixo, capítulo III,	504.000,00 euros
Total	3.234.839,26 euros

Nas previsións de liquidacións de ingresos que se prevén para o ano 2017, utilizáronse as seguintes bases:

- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2015 e a recadación de cada un dos conceptos.
- A execución do estado de ingresos no exercicio 2016 a data 30 de setembro.
- A análise da previsión de liquidación do orzamento do ano 2016, que figura como documentación anexa ao expediente do Orzamento.
- Unha estimación de ingresos para o ano 2017 dos Padróns e da Cesión de Tributos do Estado.
- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos derivadas do Plan de Control tributario de 2017 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizan os Servizos de Xestión Tributaria e Catastral.
- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada. Axustes no concepto 113 relativos ao imposto sobre Bens Inmóbiles de Natureza Urbana pola exclusión de solos urbanizables sen ordenación detallada de conformidade coa Lei 13 /2015 de 24 de xuño de modificación da lei do Catastro Inmobiliario.

En resumo, as contías previstas teñen unha base certa e rigorosa, tomando en consideración os censos vixentes e as Ordenanzas aprobadas inicialmente.

Redución dos ingresos

En trámite de formación do ditame da Comisión Informativa para a aprobación das Ordenanzas Municipais para o ano 2017, ao amparo do previsto no artigo 77 do ROP, os Grupos Políticos Municipais, presentaron emendas. O Grupo Municipal do Partido Popular, tramitou unha emenda que no se punto V "instan a aprobación dunha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e Taxas municipais para o ano 2017", que foi votada e rexeitada pola Comisión Informativa, polo que, estaríase a incluír na emenda ao orzamento, parte da xa presentada ao expediente de aprobación das ordenanzas.

En consecuencia, tendo en conta que as Ordenanzas non están en trámite de emendas, a redución de ingresos proposta, non ten efectividade, non se axustaría ao ROP, nin tería repercusión sobre as contías previstas no proxecto do orzamento do ano 2017, tendo en conta o expediente sobre tipos impositivos e taxas aprobados inicialmente polo Pleno en sesión de 3 de outubro de 2016, neste sentido, trátase dunha emenda xa debatida.

Redución do gasto

Redución dunha contía do 8% por 100 do capítulo 2 do estado de gastos consolidado do orzamento, por unha contía de 9.571.613,28 euros.

A redución xeneralizada do capítulo 2 do estado de gastos consolidado, afecta á totalidade dos contratos.

Neste capítulo, están dotados os créditos para facer fronte, entre outros, aos contratos de:

Recollida de RSU, tratamento de residuos en SOGAMA, limpeza Viaria, recollida selectiva e mantemento e baleirado de contedores.

Conservación e mantemento do sistema viario e de camiños.

Limpeza de colexios, limpeza de edificios municipais e de instalacións deportivas.

Mantemento e conservación de xardíns e parques infantís, mantemento da rede semaforica, mantemento de túneles, mantemento de colexios públicos.

Funcionamento das escolas infantís municipais, escola de teatro, escola de danza, escola municipal de música e funcionamento do centro de servizos sociais.

Contrato do servizo de Axuda no fogar, programas de metadona, funcionamento de bibliotecas, servizos de información xuvenil e punto xove, campamentos de verán.

Programas de infancia, teleasistencia, mantemento de cemiterios, etc.

Subministro eléctricos de alumeadado público, de colexios e edificios públicos. Subministro de gas e demais combustibles.

Prestación do servizo de rede de voz e datos.

Para que a proposta fose viable, teríase que acometer un plan de modificación de todos os contratos formalizados, sempre que elo fose posible, antes do remate do ano 2016. Non é posible determinar en un prazo tan curto de tempo, se os devanditos contratos serían ou non reducibles, xa que tendo en conta o peso porcentual que representan as plantillas de persoal afectas a estas prestacións, xeraría en moitos casos a necesidade de facer unha reestruturación das mesmas. Ademais, non teño criterio sobre a viabilidade técnica da redución na prestación, xa que no proceso de formación do orzamento, fíxose unha análise de cada un dos contratos cos responsables técnicos de cada un dos servizos, polo que, as dotacións que teñen asignadas cada unha das aplicacións, representan o prezo do contrato, máis a revisión de prezo que corresponda de acordo aos índices que afecte ao contrato, máis as variacións previstas para o exercicio 2017, sendo o nivel de prestación previsto o necesario de acordo as avaliacións técnicas.

Aínda nese suposto dunha posible redución, sempre e cando concorresen os presupostos legais e os técnicos, o orzamento en trámite, en tanto non se producise o acordo de modificación e formalización de cada un dos contratos, tería que ter unha dotación acorde co prezo dos contratos vixentes.

Ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o informe económico de gastos ten que acreditar a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Neste caso, no podería emitirse este informe o cal faltaría un requisito esencial para a tramitación do proxecto do orzamento para o ano 2017.

En consecuencia, a emenda de redución afecta a contratos de servizos e subministracións en vigor, nos que as obrigas que devengan as prestacións non terían cobertura orzamentaria, xerando un incumprimento do previsto no artigo 168.1.e) do TRLRFL, e en realidade, un déficit oculto, xa que xorden segundo a emenda, novas e maiores prestacións por unha contía de 6.736.774,02 euros, que non terían o seu financiamento na redución xeneralizada do capítulo 2, por resultar esta de non aplicación polas razóns técnicas e legais expostas.

En relación coa previsión contida no Fondo de Continxencia, considérase dende unha análise técnica, que a súa dotación é coherente en relación coa contía do orzamento para facer fronte a situacións imprevisibles que acontezan ao longo do ano 2017, polo que, a redución dun 66,67%, non é aconsellable.

En relación coas aplicacións que a emenda propón incrementar ou facer nova

dotación

Aplicacións orzamentarias que se incrementan.

En relación co capítulo 2, incrementáanse dúas aplicacións no programa de 1720 de praias, para facer fronte ao custe de prestacións que están suxeitas a unha relación contractual, o cal nun principio require que se tramite unha modificación á alza do mesmo. As dotacións que reflicte o proxecto de orzamento en trámite, representa o custe dos contratos en vigor, ademais non se está a ter en conta a minoración que se reflicte no apartado 2 da emenda.

En relación co incremento das aplicacións de Medio ambiente, e unha decisión no ámbito da oportunidade, competencia que corresponde ao goberno.

O resto das aplicacións que se incrementa corresponde ao capítulo 4. En todas as aplicacións que se relacionan, trátase de gasto voluntario, constituíndo unha actividade de fomento, polo tanto, modulable pola administración con suxeición ao contido da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, polo Regulamento de subvencións e polas propias bases da convocatoria e demais normas de desenvolvemento.

A contía que se destina a aplicacións incrementadas é de 1.270.743,03 euros

Aplicacións de nova creación

En canto ás aplicacións de nova creación, a emenda propón mellorar as dotacións en 14 programas orzamentarios, sen determinar que empregos se cualificarían como gastos ou como investimentos.

No capítulo 2, onde figura o mantemento do viario, foi reducido nun 8% sobre 5.734.444,96 euros, que supón unha minoración de 458.755,60 euros, o apartado 4 da emenda, propón dotar por creación de novas aplicacións, 1.780.000,00 euros en emprego de pavimentación de viais.

No programa de Benestar Social, coa redución xeneralizada do 8% do seu capítulo 2, redúcese 508.022,75 euros, agora na proposta incrementalista, dotase un plan de familia por un millón de euros.

Na avaliación técnica das novas dotacións propostas, non hai nada que obxectar, é polo tanto unha decisión que corresponde ao goberno sobre a oportunidade dos empregos dos recursos.

No entanto o anterior, hai que ter en conta que todo está condicionado a viabilidade técnica e legal da modificación da totalidade dos contratos que se reflicte no capítulo 2 do estado de gastos, de non ser posible esa redución, non habería recursos para o financiamento de novos ou maiores gastos que se reflicten nos apartados 3 e 4 da emenda.

As dotacións que contén a emenda para novas aplicacións totaliza 5.466.030,99 euros.

Conclusión

A emenda presentada pola Sra. Concelleira Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, é formalmente correcta, por axustarse inicialmente ao equilibrio que esixe o artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, no entanto, non é posible avaliar si resulta posible legal e tecnicamente a súa implementación, prantexa unha baixa xeneralizada nos créditos do capítulo 2 que no é posible facerlle fronte, por estar afectados case na súa totalidade a contratos en vigor, polo que, os devanditos contratos quedarían sen cobertura orzamentaria. Tampouco é posible determinar si tecnicamente e posible a redución do prezo dos contratos tendo en conta a súa afectación as plantillas de persoal adscrito así como ás necesidades a satisfacer.

Sendo a contía da baixa proposta no apartado 2 da emenda, capítulo 2, de 9.571.613,28 euros, e os incrementos e novas dotacións contidas nos apartados 3 e 4 da emenda de 6.736.774,02 euros aos que hai que engadir a redución dos ingresos nunha contía de 3.234,839,26 euros, a mesma faise inviable, por non ser posible unha redución xeneralizada do capítulo 2.

A emenda produce os seguintes efectos:

Incumprimento nas dotacións para facer fronte aos contratos formalizados en vigor.

Prodúcese un desequilibrio orzamentario, ao existir obrigas dos contratos que non estarían orzamentadas, afectando ao cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.

Xeración dun déficit oculto, con novos empregos sen a redución dos anteriores.

Ademais do desequilibrio anterior, xera outro, que ven determinado polos maiores e novos empregos que non teñen recursos que os financien.

En canto aos créditos do capítulo 2 que non están afectos directamente a contratos, tampouco é posible determinar se a redución do 8% permite garantir o funcionamento operativo dos servizos públicos.

En canto á redución dos ingresos correspondentes ao IBI, IAE IVTM, e Taxas pola recollida do lixo, as Ordenanzas xa superaron o trámite de emendas, polo que non é posible nesta fase a redución dos ingresos.

Tendo en conta o anterior, as ordenanzas téñense que aplicar segundo o acordado, a redución de ingresos proposta, non ten efectividade, xa foi rexeitada en sesión plenaria do 3 de outubro de 2016.

Así mesmo, as aplicacións de nova creación, sen prexuízo da dificultade de

obter os recursos pola baixa xeneralizada do 8% no capítulo 2 dos estados consolidados, son de apreciación e de oportunidade política que non poden ter unha avaliación técnica.

De resultar rexeitada a emenda, non quedaría afectada a Estabilidade Orzamentaria, polo tanto, non require informe da Intervención, en caso contrario, se a proposta é de aceptación, terá que ser sometida a mesma ao informe do Sr. Interventor Xeral.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO

En data 14/11/2016, o Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da MAREA DE VIGO, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1460/1101, presentou emenda á totalidade do proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión.

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regula as emendas a totalidade.

O ROP non regula o procedemento de debate a totalidade, polo que, salvo acordo en contrario, terán o mesmo tratamento que o previsto para as emendas parciais.

A emenda presentada por MAREA DE VIGO, é unha emenda a totalidade sen proxecto alternativo, fundamentando a mesma en valoracións políticas sen empregos alternativos dos recursos, que non poden ser obxecto de avaliación neste informe, por tratarse de apreciacións de contido de oportunidade política que non pode ter unha avaliación técnica.

O único que ten que quedar garantido, e que calquera proxecto de orzamento, ten que dar cobertura a plantilla de persoal, aos contratos en vigor cos prezos que en cada caso teñan formalizados, as transferencias obrigatorias e gastos de funcionamento operativo.

No entanto o anterior, a emenda fai referencia a determinadas contías que teñen que ser avaliadas tecnicamente, por entenderse que requiren aclaración.

En relación coa tramitación e aprobación do orzamento, hai que estar ao previsto no artigo 168.4 do TRLRFL, de tal xeito que o orzamento debe estar presentado ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro, cuestión esta que xa non se está a cumprir, advertencia que se fai constar no informe do Sr. Interventor asinado o día 08/11/2015.

Así mesmo, o Orzamento ten que someterse ao bloque de legalidade que lle é de aplicación, dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria con sometemento ao SEC-2010, sen que se poida modificar o lexislado para a

administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran procedementos ou solemnidades específicas distintas do previsto para a formación do orzamento.

En relación cos ingresos

En canto as contías que se reflicten na emenda en relación cos ingresos previstos polo servizo de grúa e coas taxas de competencia local (artigo 32 da estrutura orzamentaria, aprobada pola Orde EHA/3565/2008), hai que facer as seguintes precisións: O servizo de grúa, non so non aumenta a súa previsión de ingreso, senón que diminúe nun 20%, pasa de 1.000.000,00 de euros a 800.000,00 euros, polo que debemos entender que hai un erro de cálculo. O mesmo acontece coas taxas de competencia local, nas que emenda específica que pasan de 1.520.000,00 euros a 2.682.117,00 euros. Nas devanditas contías hai erros de análise, que é necesario aclarar: O artigo 32 do orzamento consolidado de ingresos, pasa de 2.682.117,49 euros do ano 2016 a 2.202.000,00 euros previstos para o ano 2017, un 17,90% menos. O orzamento da Entidade, pasa de 1.715.024,64 euros do ano 2016 a 1.520.000,00 euros do ano 2017, un 11,37% menos. Se están a facer as comparacións de xeito non adecuado, o cal está a xerar un resultado errado e confuso.

En relación co orzamento de gastos

A aplicación orzamentaria 2310.2279900, SAF, ten un incremento do 41,67%, prezo do novo contrato, adxudicado, de aí que o Orzamento teña que reflectir o prezo do contrato, de non ser así, non se daría cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do TRLRFL.

En canto a dotación para o Plan de Emprego Municipal, que até agora tiña unha dotación de 1.500.000,00 euros na aplicación 2410.1310000, para facer fronte ás retribucións máis os custes da Seguridade Social, cota municipal, este ano, separáranse os dous custes, mantendo en conxunto a mesma contía, 1.200.000,00 euros, retribucións e 300.000,00 euros na aplicación 2410.1600001, para facer fronte ao custe da seguridade social. O feito de dotar o crédito separado, ten por finalidade evitar que a seguridade social do devandito Plan, estease a imputar a aplicación 2410.1600000, nunha contía entre 26.000 e 30.000 euros ao mes polo custe de Seguridade Social do Plan, o cal obriga que a aplicación 2410.1310000, teña que quedar cun saldo dispoñible equivalente que o que ten en negativo a aplicación 2410.1600000. En resumo, as contías do programa manteñen a dotación dos anos precedentes.

Esta é razón pola que hai crédito na aplicación 2410.1310000, tendo que quedar ao remate do ano, unha contía equivalente que a que ten en negativo a aplicación 2410.1600000, na que se está a imputar o custe da Seguridade Social do Plan

Municipal de Emprego.

Figuran unha relación de conceptos nos que a emenda reflicte un incremento no gasto:

Subministro eléctrico, a emenda cuantifica o aumento en 444.642 euros, cando a diminución do conxunto das subministracións é de 319.688,83 euros.

Contrato de iluminación e tuneis, a emenda cuantifica o incremento en 191.322 euros, cando a diminución polos dous servizos é de 277.171,92 euros, que estaba dotado nas aplicacións 1650.2279902 e 2279903 no orzamento do ano 2016 e anteriores. A unificación dos dous contratos supuxo unha redución do gasto do 10,84%.

En canto ao aumento das dotacións para a subvención dos usos dos usuarios do Transporte público colectivo, a súa fundamentación é por un lado a apertura da nova liña ao Hospital Alvaro Cunqueiro, e por outro, unha previsión do custe do transporte metropolitano. En todo caso, as decisións sobre as axudas aos usuarios do Transporte público colectivo, corresponde a esfera política.

Guindastre, a emenda reflicte que hai un incremento do gasto de 102.000 euros, sendo a súa xustificación a sentenza en relación coa revisión de prezos.

En relación co custe do servizo de mantemento de zonas verdes e xardíns co contrato precedente era de 5.528.823,36 euros, moi superior que o vixente. A proposta de Althemia era de 4.458.668,90 euros e a de Valoriza, adxudicatario definitivo, 4.273.465,50 euros.

En canto ao Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (Estratexia DUSI), o proxecto ten un horizonte 2014-2020, a anualidade 2016-2017 é por un total de 6.965.625, das que o Concello aporta o 20% e o FEDER o 80%. A memoria asinada pola Alcaldía Presidencia o 02/11/2017, fai unha exposición detallada do programa e dos compromisos, así como a metodoloxía a seguir no tratamento orzamentario, polo que non procede facer máis aclaracións sobre o Plan.

En relación co financiamento dos investimentos

A emenda sostén que gran parte do plan de investimentos financíase co superávit. En relación con esta apreciación, por ter un contido legal, hai que informar que o superávit ten a súa orixe na liquidación do orzamento, non estando liquidado o orzamento do ano 2016 para determinar si hai ou non superávit.

Pero o máis importante desde o respecto a legalidade, e que o Remanente de Tesourería, variable na que está incluído o superávit para a liquidación do ano 2016, o artigo 104.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, establece que, "*En ningún caso el*

remanente de Tesorería formará parte de las previsiones iniciales de ingresos ni podrá financiar, en consecuencia, los créditos iniciales del presupuesto de gastos". Polo tanto, esa apreciación non ten fundamento técnico nin legal, o financiamento dos investimentos estase a facer con recursos propios previstos para o ano 2017. Se da Liquidación do Orzamento do ano 2016, resultase un superávit, e o Remanente de Tesourería fose positivo, a súa aplicación dentro das limitacións que establece a Disposición adicional decimosexta doo TRLRFL, será competencia do Goberno.

O resto do contido da emenda reflicte criterios de oportunidade política en relación cos recursos e empregos, polo tanto, sobre esta emenda, a proposta que se faga, se fose de aceptación, unha vez debatida suporía a devolución do proxecto, comezando unha nova tramitación doutro proxecto, e se fose rexeitada, o proxecto continuaría a súa tramitación.

No trámite de aprobación definitiva, segundo o disposto na lexislación vixente, non resulta posible a presentación de alegacións polos grupos políticos municipais.

Isto é todo o que ten que informar este técnico en relación coas emendas presentadas pola Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular e polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal de MAREAS DE VIGO."

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 16 de novembro, rexeitou as emendas presentadas e ditamina favorablemente a proposta formulada.

DEBATE:

O debate, como lle foi comunicado aos grupos onte, terá intervencións de 15 minutos, contados folgadoamente dos grupos e unha réplica por parte do goberno de 10 minutos. Iniciamos o debate coa intervención inicial do concelleiro de Facenda, por un tempo de 15 minutos, ábrese sesión pública e iniciamos o debate.

SR. ANEIROS PEREIRA: Dentro dos prazos legais para elaborar e aprobar os orzamentos, presentamos este orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, cumprindo coa obriga de gobernar esta cidade e marcando unha clara diferenza con outras cidades de Galicia que a día de hoxe aínda non teñen o orzamento nin sequera para o ano corrente, para o ano 2016. Polo tanto, seguimos nesa

velocidade de fórmula un, imos superando aos dobrados aproveitando o símil automobilístico a outras cidades de Galicia.

Trátase dun orzamento ademais 100% para Vigo, de Vigo e para Vigo, é dicir, 100% feito con recursos propios do Concello de Vigo e 100% adicado ás necesidades da cidadanía, hai que dicir que todo o Orzamento do Concello de Vigo para o 2017 finánciase con recursos propios, sen que sexa relevante a presenza da Xunta de Galicia por exemplo, nesta cidade, a diferencia doutras comunidades autónomas como é o caso de Andalucía, aposta polo financiamento dos Concellos, no caso Galicia a presenza da Xunta de Galicia é absolutamente irrelevante, polo tanto, debemos de cubrir tódolos nosos recursos con financiamento propio e ademais o facemos con criterios de solvencia posto que estamos nunha situación de débeda cero, tal e como reflicte o capítulo IX dos orzamentos deste concello para o ano 2017 e tamén o capítulo III relativo aos intereses, tan só cunha partida nominal e moi xenérica para posibles pagos de intereses nalgún caso. Polo tanto, Orzamento 100% adicado á cidadanía, 100% para a cidade.

Son ademais uns orzamentos expansivos nunha fase de restrición, de contracción da actividade privada e dalgunhas administracións como é o do caso do Estado e da Xunta de Galicia, estes orzamentos do Concello de Vigo son uns orzamentos expansivos que pretenden servir de motor, de locomotora para a cidade.

Os orzamentos que hoxe presentamos amosan unha cidade solidaria, amosan unha cidade das persoas, emprendedora, habitable, fermosa, limpa, moderna pero que non perde a súa vinculación coas súas tradicións e os seus orixes, unha cidade cosmopolita aberta, que coida o medio ambiente no que se sitúa, solvente economicamente e unha cidade que é o motor económico da Área Metropolitana e de Galicia, como a cidade máis activa e máis avanzada de Galicia, por iso é unha mágoa que só teñamos en fronte aos que negan a cidade, negan esta realidade, non pode admitirse que por segundo ano consecutivo o grupo de Marea de Vigo presente unha emenda á totalidade do orzamento, sen proxecto alternativo, xa é hora de que presenten algunha proposta, por certo, sen incorrer en erros de cuantificación e tampouco de concepto, como fan no seu escrito presentado ás alegacións. Non vemos eses orzamentos participativos que a bombo e pratillo anunciaron semanas atrás, non os vemos, o único que nos atopamos é unha emenda á totalidade sen proxecto alternativo, polo tanto, sen proxecto alternativo

para a cidade.

Pero tamén sorprende que o Partido Popular presente as mesmas emendas que xa presentou o ano pasado, propoñendo unha redución xeneralizada de impostos, non sabemos se isto é un truco de ilusionismo político, pero sorprende que cando están na oposición soliciten rebaixas de impostos pero cando están no goberno incrementen os impostos, e aos datos me remito, hai pouco meses o Partido Popular, poucas semanas, primeira medida, subida do imposto sobre sociedades para sociedades e autónomos, subida dos pagos fraccionados, se volvemos a vista un pouco máis atrás, subida do IVE ou se nos cinguimos á etapa da Sra. Muñoz, como conselleira da Xunta de Galicia, subida do imposto sobre hidrocarburos, subida do canón de SOGAMA, por certo canón que non repercutimos á cidadanía, esa subida que nos fixeron anos atrás de máis dun millóns de euros non a repercutimos na cidadanía, igual que a subida que fan este ano nos orzamentos da Xunta de Galicia e no canón de SOGAMA do 5% que tampouco repercutimos á cidadanía viguesa, polo tanto seguiremos asumindo cos recursos do Concello o pago deses importes, desas contías. Pero tamén sorprende e moito, de alguén que se presupón formada, unha emenda que de xeito lineal solicita a rebaixa dun 8% en todo o capítulo II, é dicir, en tódolos contratos que asina este Concello, iso cando menos é unha ilegalidade, ademais dun certo exercicio de ignorancia xurídica posto que como xa se dixo en comisión esa rebaixa dos contratos é imposible pero é que ademais sería ilegal e polo tanto é imposible facer esa redución lineal dun 8% dos contratos públicos, pensen que dentro desta partida de contratos públicos está por exemplo o servizo de limpeza nos colexios non pretenderán facer como facía o como dixo alguén na comunidade de Madrid de que os pais vaian a limpar os colexios, verdade, non pretenderán que reduzamos outros contratos cos que prestamos servizos á cidadanía por exemplo o de limpeza viaria ou por exemplo o de iluminación, que pretenden deixarnos a escuras na cidade? Deixarnos sen limpeza? Se é así por favor díganolo, pero claro, por tanto non sen emendas nin realizables, nin legais, nin cribles e o que fan é un exercicio de ilusionismo pretendendo baixar impostos, os servizos que presta este concello e por certo ilusionismo tamén porque propoñen incrementar partidas que son competencia da Xunta de Galicia, queremos ver a esa voceira defendendo nos próximos orzamentos da Xunta de Galicia partidas que beneficien á cidade de Vigo,

por exemplo unha partida para o tramo de autopista dende a Avenida de Buenos Aires, a ver se a defenden, ou por exemplo a axuda ás liñas aéreas, cando vostede era conselleira as axudas ás liñas aéreas saían dende Santiago de Compostela, ningunha dende Vigo, o Partido Popular segue privilexiando ao aeroporto de Santiago de Compostela, de Lavacolla, e non ao Aeroporto de Vigo, aquí falamos no anterior Pleno de que as persoas da terceira idade tiñan que facer un periplo, unha viaxe ata Pontevedra e de Pontevedra ata Santiago de Compostela e todos saían dende Santiago de Compostela, teñen oportunidades para facelo, colóquense ao carón da cidade e polo tanto, non fagan un exercicio de “fariseísmo” político porque non enganan a ninguén polo menos a este goberno non o enganan, e á cidade está claro que tampouco a enganan, 17 concelleiros, 7 concelleiros, polo tanto, non están enganando a esta cidade. Coñecemos que non teñen proxecto político para esta cidade, así que non nos enganan.

O orzamento consolidado para o ano 2017 ascende a un total de 233 millóns de euros, sete millóns de euros máis que o Orzamento do 2016, o que é o mesmo, un incremento do 3,17% no Orzamento, todo este Orzamento financiado con recursos propios e ademais sumando o importe dos beneficios fiscais nas ordenanzas fiscais por un importe de 7,3 millóns de euros, polo tanto, 240 millóns adicados á cidadanía, posto que actuamos non só en materia de gasto senón tamén en materia de ingreso.

Tento en conta tamén que as partidas que maior suba experimenta son as de protección e promoción social, é dicir, as de Benestar Social, promoción da sociedade e as de Educación cun total dun 12% do Orzamento e ademais cun programa de investimentos dun 7%, son pois uns Orzamentos que teñen un marcado carácter social e que melloran as condicións de vida dos vigueses.

En política social adicamos 14,2 millóns de euros, cunha subida dun 11,98% respecto do ano anterior, os recursos para paliar os efectos da crise suman 2,5 millóns e aquí atópanse a axuda contra a pobreza enerxética, para os alimentos e para a vivenda así como o fondo contra os desafuzamentos, o Albergue para persoas sen teito que tamén será xestionado pola “Cruz Roja”, adícanse 830.000 euros e ó Programa de Cedro un millón de euros.

Outras accións importantes son o Servizo de Axuda no Fogar, que por certo, o grupo de Marea de Vigo propón eliminar, non asumir horas no Servizo de Axuda no

Fogar, increíble nun grupo que se pretende progresista, o servizo de Teleasistencia e o de Xantar na Casa e tamén os dos cuidadores de barrio que atenden a 250 persoas, pensen que no Servizo de Axuda no Fogar prestase servizo a máis de 750 persoas, polo tanto, boa parte da poboación viguesa, becas de libro e comedor, programa de menores, actividade de maiores e os convenios con 15 ONGs por un importe de 1,7 millóns de euros. En Educación, por certo, sego retando aos grupos políticos presentes aquí a que nos demostren outro concello, non só de Galicia senón de España, con maior política social que o Concello de Vigo, estamos ao carón da xente que o precisa, como así o demostra o Orzamento de Educación, 13,7 millóns, cun 17% máis que o ano anterior adicado as trece escolas municipais, á Escola Municipal de Artes e Oficios e o mantemento de centros escolares, pero sen dúbida a partida máis importante é a que se adica ao programa de aulas internacionais para mellorar a formación dos estudantes vigueses e mellorar tamén a empregabilidade futura da mocidade viguesa, dobramos a partida para Escola Oficial de Idiomas e dobramos tamén case, subimos en 300.000 euros máis a partida de aulas internacionais, situándoa nun 1.600.000 euros, tamén a partida máis importante de becas, máis importante incluso que a partida do Ministerio de Educación do goberno de España. Tamén se adican partidas á UNED para favorecer os estudos por parte das persoas que traballan nesta cidade e así mesmo consignamos partidas para o cubrimento do patio dos colexios, por certo competencia que non fai a Xunta de Galicia.

En Deportes, adicamos 12,6 millóns de euros, tamén subimos un 5,9% do orzamento e contamos con investimentos en instalacións deportivas, o pavillón do Carne ou Travesas, o do Monte de Mina, Cabral e Carballal, por certo, non vemos ningunha proposta do Partido Popular para Balaídos, saíron de Balaídos, desta construción do novo estadio municipal de Balaídos, pero tamén adicamos partidas ás escolas deportivas municipais, 300.000 euros, á limpeza e ao mantemento, e tamén aos ximnasios e piscinas.

En promoción da cidade, temos as partidas de emprego, máis de 5 millóns de euros para o emprego adicados á contratación de persoal e ao Plan Municipal de Emprego que conta cunha partida moi importante, máis 1.500.000 euros ademais das partidas do Plan de Emprego Xuvenil, convenios cos sindicatos e asociacións de comerciantes.

En comercio, adicamos máis dun millón de euros, subvencións ao pequeno comercio, Plan de Dinamización Comercial, Plan de Dinamización do Comercio e en actividade turística tamén adicamos importantes partidas non só a promocionar ó Aeroporto de Peinador, ó turismo e os voos dende Peinador, por certo, como xa dixen antes ausente o Partido Popular en apoio ao Aeroporto desta cidade e ausente a Xunta de Galicia. E por suposto partidas para festas e para cultura.

O Programa de investimentos asume importantes partidas, esperamos que vostedes no orzamento da Xunta de Galicia reivindiquen de novo o AVE por Cerdedo, ese tramo da AP-9 dende Buenos Aires ata o centro da cidade porque a verdade que o último investimento da Xunta de Galicia que se lembra nesta cidade foi feita polo goberno do Sr. Touriño, polo tanto, feita polo goberno do Partido Socialista. Esperamos tamén que aproben ou que soliciten un aparcadoiro gratuíto no Hospital Álvaro Cunqueiro, non vemos esas demandas.

A partida de investimentos nesta cidade ascende a 16 millóns de euros, máis de 40 actuacións que supoñen continuar na liña de humanizar a cidade, mellorar esas xa 750 rúas humanizadas en todo Vigo e polo tanto continuamos nesa política de humanización da cidade que fai mellor condición de vida para a cidadanía viguesa, máis de 750 rúas e seguiremos, pero aquí digamos hai que destacar tamén dúas partidas as do Programa DUSI, do Desenvolvemento Urbano Sustentable que contará con importante financiamento europea e tamén coa achega de fondos do Concello e a partida que se contempla para a recuperación da Panificadora, polo tanto, programas importantes nesta cidade.

Tamén por suposto e non pode fallar as cantidades adicadas a servizos obrigatorios, á seguridade, á ordenación do tráfico, á prevención e extinción de incendios, abastecementos de augas, por certo cunha das tarefas de auga máis baixas de toda Galicia e á recollida de residuos, polo tanto, tódalas partidas necesarias para esta cidade que fan destes orzamentos para o 2017, uns orzamentos para a cidade, 100% para a cidadanía viguesa, orzamentos solidarios e adicados ao investimento.

SR. PÉREZ CORREA: A nós sorpréndenos determinadas cuestións que sempre se poñen enriba da mesa sobre as emendas á totalidade e sorpréndenos porque é unha tónica habitual dos grupos municipais socialistas en moitos concellos deste

país e non creo que a consideración das emendas á totalidade nesas Plenos se considere que unha emenda á totalidade non é unha proposta política, ao contrario, nós imos facer e poñer enriba da mesa porque consideramos que é máis útil politicamente solicitar que este goberno local devolva á Xunta de Goberno obviamente estes orzamentos e que volvamos traballar en algo un pouco para ir coa liña e acompañados co que está a pasar no resto do Estado, e claro que non nos corresponde a nós, tres concelleiros de dezasete, como vostedes sistematicamente recordan, non nos corresponde a nós facer esa proposta de orzamento participativo, lle correspondería a un goberno como o voso que non tería ningunha dificultade para aprobalo e que polo tanto podería ter a mínima deferencia co tecido asociativo, con calquera veciño desta cidade, por coñecer previamente a proposta de orzamentos, non unha vez que está aprobada inicialmente e provisionalmente en Xunta de Goberno ou neste Pleno, que tamén lle lembro, este Pleno aproba provisionalmente, hai unha fase de alegación cidadán tan importante e penso que debería ser incluso máis polo procedemento escurantista de aprobación destes orzamentos que tamén é parte da aprobación dos orzamentos e polo tanto, hoxe en todo caso imos aprobar inicialmente ou provisionalmente uns orzamentos que calquera cidadá unha vez publicados terá ata o 16 de decembro para facer alegacións.

En primeiro lugar porque é certo, vostede aprobaron con certa presa, xa lles digo non hai ningún premio neste país a ser os primeiros, ser os primeiros significando isto que o proxecto dos orzamentos non era coñecido pola oposición, e vostedes dirán outra vez, “é que nós temos dezasete, vostedes son tres e o Partido Popular son sete”, non vou dicir ningún concello gobernado pola Marea de Vigo, vou dicir por exemplo o Concello de Pontevedra gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, onde o Alcalde reuniuse con todos e cada un dos grupos, separadamente con tódolos membros do Consello Económico Social, equivalente ao Consello Económico Social que temos nós, antes de levar á Xunta de Goberno unha proposta de orzamentos, porque unha vez que vostedes aproban en Xunta de Goberno unha proposta de Orzamento, como eu empezarei a relatar, a capacidade de emendar nosa eliminase nun 80%, especialmente en servizos sociais, se o 80% do Orzamento xa está consignado a concesionarias privadas, actuación posible que temos nós de incrementar as partidas onde vostedes poden actuar de maneira

directa, se limita no momento en que este proxecto de Orzamentos está aprobado e presentado. Polo tanto, a proposta participativa tiña que saír de vostedes e a capacidade de calquera cidadá de ter acceso a un Orzamento público xa tiña que saír de vostedes, e vou poñer aí si que dous exemplos que son Madrid e Barcelona, imos comparar Vigo con cidades importantes deste país, calquera cidadá madrileño ou de Barcelona, no caso de Madrid xa aprobado o Orzamento en Xunta de Goberno, o mesmo nivel de aprobación que temos aquí en Vigo, a Xunta de Goberno aprobou un orzamento, discutible ou non, é certo con toda a batalla que ten agora mesmo o Concello de Madrid coa administración Montoro pola cuestión do gasto, incluso deses mil millóns de euros que queren investir e que o Ministerio de Facenda non lle deixa, vostede vai a web do concello de Madrid, ten todo o expediente do orzamento en Excell por exemplo, precisamente para que os grupos municipais en 30 pdfs no cometamos erros, ten incluso a posibilidade de descargalo en arquivo de intercambio de datos por se ten algún colectivo social unha aplicación que dándolle a un botón compara as partidas sen facelo manualmente, ten as memorias, ten incluso a posibilidade de preguntarlle a un servizo de información cuestións e dúbidas sobre unha proposta de orzamento, iso está nunha web, dende o día que está aprobado nunha Xunta de Goberno, este expediente que saibamos témolo nós e de maneira parcial os membros do Consello Económico Social que nin sequera tiñan as partidas detalladas.

Polo tanto, a cuestión de participación non non corresponde a nós, a participación, transparencia e que calquera cidadán poda saber hoxe que estamos a discutir, porque pode ser subxectiva a miña apreciación ou a apreciación que poida ter vostede pero dende logo, no caso dun veciño ou veciña que descoñeza absolutamente agás por notas de prensa mandadas dende este goberno, a información da proposta orzamentaria é cero, e polo tanto aí hai unha parte substancial do traballo que teñen que facer vostedes e da igual a maioría absoluta, non é unha cuestión de maiorías absolutas, é unha cuestión de vontade política, de abrir un orzamento á cidadanía de Vigo, e non vale dicir que pateamos a cidade, que falamos aos presidentes de asociacións de veciños, non deciden os orzamentos, en todo caso terán que vostedes artellar regulamentos e formas de que calquera veciño/a poda facer achegas, obviamente logo estudadas tecnicamente e incorporadas ou non ao Orzamento, dependendo dunha vontade

política, pero polo menos a vontade política previa de que unha proposta orzamentaria a coñezan os veciños/as, non custa nada.

Como dicimos nós na emenda á totalidade poría a Vigo no século XXI das políticas orzamentarias, case tódolos grandes concellos de Europa xa están facendo esta propostas, é certo que non en tódalas partidas porque a lei non o permite, pero polo menos no capítulo de investimentos, A Coruña, Buenos Aires no caso de Latinoamérica, París, Bruxelas, moitos concellos antes de presentar nas súas xuntas de goberno a proposta orzamentaria, xa ven discutida e algunhas achegas son recollidas, con metodoloxía, con capacidade de todo o mundo para propoñer e con recorrido importante, e porque ademais este Concello aprobou un código de “Boas Prácticas” da FEMP que o dicía, e pido aos concelleiros/as que o volvan ler iso, todo o que se dicía por exemplo, da maneira de dirixirse á oposición, aos concelleiros/as deste Pleno, incluso un capítulo moi importante de como se teñen que abrir os orzamentos á cidadanía, e por suposto que é antes de traer a proposta enriba da mesa, porque como dicimos na emenda, só iso para nós xustifica a emenda á totalidade da devolución do proxecto, que con toda a capacidade que ten o goberno municipal para aprobar un orzamento, sen ter unha intervención do Ministerio Facenda, sen ter que facer un informe económico financeiro dos concellos que non cumpren a regra de gasto, o criterio do déficit, sen case ningunha interferencia externa como vostede ben di, que nós temos capacidade con recursos propios de Vigo e doutras administracións que fan transferencias, recursos de tódalas administracións que van para os concellos, non teríamos ningún problema en que ese proceso se abriera e incluso o seu proxecto de orzamento seguramente vostede poderían aprobalo con total tranquilidade, xa só iso, para nós xustifica gran parte do criterio da emenda á totalidade.

Nós si que queremos ir ao detalle, na emenda á totalidade imos ao detalle de determinadas cuestións máis aló da dificultade ou cambio de fórmula de presentación dos orzamentos significounos para traballar coas propostas, pero aquí tamén hai xente que ten que decidir, é certo que nós ao mellor non temos que decides nada, pero as organizacións sindicais do Concello no capítulo I si, tamén hai alegacións dos sindicatos e queixas formuladas no Consello Económico Social sobre o proceso de participación, nunha xuntanza de media hora non se solventa todo o capítulo I, hai un informe sobre o capítulo I que data do día 7, cinco días

despois da xuntanza que mantivo o goberno local coas organizacións sindicais, sobre todo porque é certo que hai un incremento ou pode haber un incremento dependendo tamén do que pase a nivel do Congreso, do Estado, pero ese incremento salarial as cuestións que teñen que ver co Capítulo I deberían polo menos ese informe previo, telo os sindicatos, previo a esa xuntanza que mandata a lei e que obriga tamén a que forme parte do expediente, iso para nós tamén é un motivo bastante importante de dicir que esta proposta de orzamento volvera á Xunta de Goberno e abrir un proceso de participación tamén sindical, que algunhas cuestións achegaron e que non se resolveron en xuntanzas de 20 ou 30 minutos. Cuestións que se puxeron enriba da mesa, o aumento do gasto social ou o gasto social desta cidade, eu non sei a que fonte teremos que ir sistematicamente para desmentir o que se di que Vigo é a cidade de España con maior gasto social, porque o Ministerio de Facenda di que non, e un informe que acaba de quitar a Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, un informe que colle precisamente datos do Ministerio de Facenda, coloca a Vigo por debaixo dos 50 euros de gasto social por habitante, sobre o que é o capítulo social, se vostede meten dentro de gasto social todo, e metemos os parques, o dinoseto, se vostedes meten dentro diso gasto social, será o único concello que leva esa contabilidade pero os datos do ministerio negan esa realidade, e que cando vostedes nos presentan a proposta de orzamentos, o 80% do gasto social xa está consignado a concesionarias privadas, todas elas sen auditoria, e vostedes asumen o criterio da Xunta de Galicia con esa carta que remiten do servizo de asistencia ao Fogar dicindo que hai que aumentar as horas e o asumen fronte a outros concellos que dixeron, se imos aumentar as horas queremos saber cal é o nivel de copago que vai ter que afrontar un usuario porque se o número de horas para un usuario significa maior copago, se os incrementos do copago significan que incluso moitas veces os servizos seguen sen estar cubertos, hai concellos que pediron á Xunta de Galicia imos parar, e imos falar cal é a mellora do servizo de asistencia ao Fogar que vostedes están a propoñer, é certo que hai unha transferencia da Xunta de Galicia de cartos consignados, por certo, cartos que na súa maioría non vai nin nos auxiliares do servizos de atención ao Fogar, por suposto, nin sequera ao sector máis importante do servizo que son os traballadores e o que acaban é engordando a empresas concesionarias deste servizo que por certo, servizo absolutamente

importante, que non é un servizo que teña Vigo con respecto ao resto dos concellos, téñeno os concellos de máis de 50.000 habitantes dunha maneira normal e moitos tamén de menos habitantes que van asumindo a través de convenios coas administración este servizo.

Polo tanto, a nós o gasto social detallado, os informes de cada concesionaria, porque pode haber aumentos importantes de gasto e o número de usuarios ou o nivel de atención ou o nivel de servizo pode ser igual ou menor e polo tanto, o gasto social queremos tamén que se acompañe de que auditorias e que impacto económico está tendo no emprego determinados servizos concesionados, porque no que vostedes podían facer unha política de intervención directa, conxelan o gasto social, vostedes poderían facer determinadas partidas como son o cheque social, discutible a fórmula, pero está aí, máis de 1.800 familias tiveron acceso o ano pasado, vostedes tamén fixeron un fondo contra os desafiuzamentos e contra esas cuestións que teñen que ver coa xente que vai perdendo os seus fogares, iso está exactamente igual que no exercicio anterior e aí é onde vostede poderían actuar de maneira directa, onde non hai un contrato concesionado no que se incrementan IPCs, onde non hai un contrato concesionado, onde se incrementan custes de explotación, vostedes aí podían actuar, e non nos digan que presentemos emendas nós, porque se no orzamento xa non hai posibilidade de incrementalo, que partida social nos cargamos? Ou minoramos? Cando a maioría son contratos que vostedes teñen concesionados para aumentar esa partida, e por que queremos aumentar esa partida? Porque aí si que hai un indicador social, mil familias o ano pasado quedaron fora do cheque social, por nivel de renda si, pois modifiquemos o nivel de renda, porque había xente que simplemente con ter unha Risga de 300 euros quedaba fora de esa axuda, algúns deles por unha diferenza de 3 euros, hai mil familias que pediron esa axuda e quedaron fora, pois eu creo que era un bo momento de incrementar esa partida, non mantela exactamente igual.

Capítulo de investimentos, non estamos ante o orzamento de investimentos máis expansivos da historia de Vigo e que calquera cidadán que vai ver os orzamentos na web, verá que houbo anos que os investimentos foron moito maiores, e iso significou que tivo algún retorno de emprego, de consolidación social? Non, os investimentos que se fan nesta cidade, téñennos amosado ao longo do tempo que

nin son keynesianas, isto non é un investimento no tempo, Keynes cría na creación dunha industria permanente non na política asistencial de ter a xente traballando sen que tivera retorno no economía produtiva eu de economía sei pouco, pero algo puiden saber de que Keynes seguramente non poría en Estados Unidos á xente a traballar poñendo macetas ou bancos na rúa, senón que crearía industria de equipos e bens de consumo que foron os que tiraron da economía nos Estados Unidos para saír da crise do 29. Aí as cuestións dos investimentos discutibles ou non queremos tamén saber os custes efectivos, canto vai a emprego dunha humanización e canto á vai a conta de resultado de empresas, esas son as cuestións que habería que poñer enriba da mesa antes de poñernos unha serie de investimentos que por certo, algunhas delas volven aparecer, os plans por exemplo de melloras nas parroquias, os que vivimos nas parroquias o ano pasado practicamente eliminado cunha baixada da dotación económica e este ano volve aparecer con ese calibre que teñen vostedes de medir as cuestións dos investimentos que aparecen e desaparecen en determinados orzamentos e noutras cuestións que nós temos posto enriba da mesa, a cuestión da oportunidade, para ir rematando, das amortizacións, ter débeda cero non é positivo nin negativo, ter débeda cero cando deixamos de ter 44 millóns de euros, nun tempo pequeno como son dende do ano 2013 ao 2016, 44 millóns de euros, que vostedes recoñecen amortizaron anticipadamente, simplemente para aforrarnos horizontes de 200.000 euros en catro anos, a nós parécenos tirar os cartos públicos, con eses 44 millóns de euros, cunha amortización de débeda normal, incluso por debaixo da débeda da media dos concellos deste país, poderíamos ter empregado eses recursos en economía produtiva, e se agora conseguimos por fin, vai haber na Federación Española de Municipios e Provincias unha fronte común para que o superávit o poidamos empregar en política social, e se tendo maioría no Parlamento, no Congreso dos Deputados, conseguimos que por fin o déficit se poida empregar en política social, eses 44 millóns de euros verían moi ben para quitar a moitas familias da pobreza nesta cidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Aneiros, a verdade é que vostede non defrauda porque como era de esperar en vez de ocupar o seu tempo de intervención, que despois vai ter unha réplica, en explicar pormenorizadamente os orzamentos do Concello

para o ano 2017 pormenorizadamente empregou case a metade de tempo do que dispoñía en facer oposición á oposición e en criticar aos que estamos nestes momento exercendo a oposición, unha mostra máis de que non teñen moito novo que contar e dende logo que non teñen moito contido que dicir. Pero Sr. Aneiros, escoitalo a vostede criticar que tivera o goberno do Partido Popular en España que subir impostos porque vostedes, o seu partido deixou en bancarrota a este país, é sinceramente lamentable, vostedes crese que os cidadáns non teñen memoria e saben quen lles deixou en bancarrota e quen lles está quitando da crise e aos resultados electorais de España remítome, esa é a realidade, pero vostede non ten moito que contar e sinceramente Sr. Aneiros, que se poña vostede a dar leccións a esta voceira de técnica orzamentaria ata aí podíamos chegar, de vostede, Sr. Aneiros, non admito nin a primeira lección porque ademais dígollo con todo o cariño, se vostede acaba de aprender o que é o capítulo II, e está falando cunha voceira que leva 15 anos de bagaxe na administración, que fixo catro orzamentos de 8.500 millóns, e vostede é o seu segundo orzamento e deixa bastante que desexar, porque non poder facer nin sequera é capaz de facer que seus os concelleiros cumpran o Orzamento, polo tanto, non se meta en argucias técnicas, non diga que non se pode facer e que as emendas son inviables porque son absolutamente viables e se houbera empregado un pouco máis de 5 horas en analizar as emendas verían que a baixada do capítulo II do 8% é por importe equivalente e mire, anote que lle vou dar unhas ideas onde pode reducir gasto, 3 millóns no sobre custo de Balaídos, nunha soa tribuna conseguiron vostedes un record, porque se esquecen de algo tan elemental como a iluminación, pero tamén sume aí a indemnización que lle van dar á concesionaria dos aparcadoiros, se as concesionarias que son as que aquí gañan nesta cidade, sume aí os millóns da indemnización á concesionaria dos aparcadoiros e sume tamén o sobre custo do despropósito do contrato de parques e xardíns, e sume tamén canto nos vai custar outra vez tapar unha piscina que custou 800.000 euros facer e vostedes deciden agora que a queren tapar, só sumando esas cousas xa lles da para financiar tódalas propostas e emendas do Partido Popular, porque vostedes en eficiencia, en aforrar gastos innecesarios teñen un cero, pero un cero redondo, porque non saben, non lles importa e porque na xestión é no que menos se preocupan. Pero imos falar do Orzamento que é do que vostede non quere falar, e imos falar

de Vigo, porque España, Galicia, non, aquí vimos a falar neste Pleno de Vigo, e a realidade é que teñen vostedes un goberno sen ideas e dende logo sen ningunha ambición, que nos ofrece ano tras ano máis do mesmo, as mesmas rúas, si, xa que sei que nos din que é a seguinte fase, pero se vostedes só miran ao 1% das rúas de Vigo, si Vigo ten 1.700 rúas, e vostedes insisten ano tras ano en mirar as mesmas rúas e se esquecen do resto da cidade, e ademais nin sequera o executan porque lle teño que lembrar Sr. Aneiros, que ese flamante plan de humanizacións do ano 2016 estamos no mes de novembro e aínda no comezaron as obras, pero sinceramente de que presumen? Que é o que nos están a dicir? Que keynesianismo é este? Keynes dicía que había que facer orzamentar e executar, e vostedes esquécese da metade, a outra parte da lección parece que non a tiveron demasiado clara.

Pero ademais é que tamén vostede para axudar ao emprego na cidade, para sumarse ao apoio doutras administracións tamén suspenden porque que mágoa as súas políticas activas para loitar contra o desemprego, que mágoa as partidas repetidas ano tras ano que nin sequera son capaces de executar, pero claro o papel todo o aguanta, o problema é que despois vostedes son incapaces de levalo á práctica porque cos seus 100.000 míseros euros destinados ao fomento do emprego xuvenil, sabe vostede a canto mozos axudaron este ano vigueses, que necesitan axuda? A 35, non lle dará vergoña o axudar a 35 vigueses coa política de emprego deste concello por non falar da política social, a política social non é presumir dela, a política social é facela, é realmente estar ao carón do que o necesitan, non de presumir para conseguir un titular, e voulle poñer dous exemplos da súa nefasta e absolutamente fracasada política social e dous exemplos de que cando hai realmente unha necesidade nesta cidade vostedes miran cara a outro lado, Sr. Alcalde, vostede mira a outro lado, dous exemplos, o primeiro dunha muller a Sr. Nuria Rus, unha muller Sra. Silva, nai de tres fillos, un deles discapacitado, que ten que facer fronte a un desafuzamento na súa casa, e vostedes dánlle as costas, o seu despacho está pechado, non o coñece e dende logo non se lle vai abrir, e vostedes están deixando que esa muller por insistir e non sumarse ao Plan da Xunta de Galicia para poñer unha bolsa de vivendas baleiras a disposición de quen máis o necesiten, non atopen a ninguén que lle alugue unha vivenda para poder vivir cos seus tres fillos, vergoña lles debería dar

presumir diso cando hai casos como o de Nuria que vostedes insisten en darlle as costas e non resolver e ao mesmo tempo se rin e din que presumen e nos falan de números, queremos falar de persoas en política social non se fala números, fálase de persoas e aténdense ás necesidades das persoas, como tamén outra muller vítima de violencia de xénero a que vostedes lle denegaron tódalas axudas do concello, por certo, aquí están os informes e as peticións da Valedora do Pobo para que axuden a estas mulleres ás que vostedes, Sr. Alcalde, tampouco responden. Esa é a realidade da súa política social, menos anuncios e máis traballar realmente polos cidadáns. Porque vostedes de traballar polos cidadáns saben bastante pouco porque senón non farían estes orzamentos, os mesmos orzamentos de tódolos anos para ademais non executalos. Pero ademais presumen de non executar, é que é curioso, presumen do que debería ser algo que lles debería levar á reflexión, presumen de deixarse sen gastar 22 millóns de euros o ano pasado, presumen neste momento de ter 50 millóns de remanente, canto nos vai quedar este ano sen gastar, Sr. Alcalde? Cando pretenden vostedes recadar dos vigueses co seu esforzo e despois deixalos nas arcas do Concello sen gastar? Pero como non van quedar cantidades sen executar se non son capaces vostedes nin de sacar adiante un concurso e logo o Sr. Aneiros vennos a falar da velocidade cruceiro, miúda vergoña, o contrato da hora hai que volvelo a licitar, os aparcadoiros hai que volvelos licitar, ata as luces do Nadal este ano non foron capaces de sacar un concurso a dereitas para ter as luces do Nadal das que por certo, tanto lles gusta presumir. Por certo, non volvo falar dos parques e xardíns porque sinceramente a cidade está para chorar. Todo isto enriba nos queren, no ano 2017, para non executalo subirnos os impostos, pois miúdo negocio están facendo os vigueses coa súa débeda cero, miúdo negocio, beneficio están a ter da situación boiante fiscal que ten o Concello de Vigo. A verdade é que o resultado só é bo para vostedes, pero non para tódolos vigueses/as que van pagar máis impostos e que van pagar máis pola auga porque si señores, están subindo o auga para o ano 2017, de verdade que merece unha reflexión, pedímoslle dende o Partido Popular que fagan unha reflexión e porque como nos parece importante e é a nosa responsabilidade facer propostas, nós fixemos propostas, nós presentamos propostas trasladando o que os vigueses nos din na rúa e presentamos 60 emendas, esas que vostedes en cinco horas despacharon cun no a todo porque si, e iso é precisamente o contrario

do que teñen que facer un goberno, ten que escoitar as propostas da oposición porque trasladan as demandas dos cidadáns e as propostas están moi claras, primeiro, queremos baixar os impostos, efectivamente, porque a situación financeira permíteo, porque xa estamos saíndo da crise, porque agora tódalas administracións están baixando impostos menos o Concello de Vigo, outra falacia de supresión fiscal, voulle ensinar este cadro no que realmente se analiza a comparativa cos impostos que se pagan en Vigo, en relación dos impostos que se pagan noutras cidades, a cuestión é que non o vexa Sr. Aneiros, é que non o quere ver, que aquí estamos a pagar máis impostos que no resto de Galicia, que no resto das grandes cidades de Galicia, pagamos máis IBI, máis imposto de vehículos, máis lixo, os comerciantes desta cidade pagan o lixo máis caro de tódolos concellos de Galicia, esa é a realidade da presión fiscal que teñen vostedes, esa é a realidade, despois pásolle o cadro que ven lles vai vir facer un repaso para saír desa mentira da presión fiscal máis baixa de toda España.

Como dicía, sesenta emendas presentamos, con sesenta propostas que recollen as necesidades da cidade porque cremos que se pode facer mellor e tendemos a man para analizar unha a unha esas emendas, en política social propoñemos incrementar ata os tres millóns os apoios sociais á vivenda, alimentación e desafiuzamento, propoñemos que se sume tamén o Concello de Vigo ao programa de bolsas de vivendas baleiras da Xunta de Galicia, fagan algo polos cidadáns como están a facer outros concellos de Galicia. Triplicar a axuda do bono taxi para os discapacitados, incrementar o apoio a entidades que están prestando servizos sociais e que están a facer unha labor extraordinaria e que vostedes conxélanlle as cantidades que lles dan ano tras ano, Afan, Misioneros, Comedor da Esperanza, Banco de Alimentos, necesitan máis recursos, tamén cremos que hai que apostar polo emprego, porque estamos nunha cidade na máis grande Galicia, unha cidade industrial e hai que apostar polo emprego porque somos a cidade con número de desempregados máis alto de Galicia e queremos incrementar a 500.000 euros as axudas para fomentar o emprego xuvenil, un 50% as axudas para crear empresas, facer un plan de emprego coa universidade de Vigo, que problema teñen vostedes coa Universidade de Vigo? Que lles fixo unha das maiores institucións mellores desta cidade? Que lle fixo a vostede Sr. Aneiros que é profesor da Universidade de Vigo? Como están maltratando desta forma á Universidade de Vigo? Por que lle

queren cobrar o IBI á Universidade de Vigo? A única cidade que lle cobra o IBI a súa universidade, que pasa que non lle fan ao Sr. Alcalde a suficiente xenuflexións cada vez que o ven? Que non lle fan a ola ao Sr. Alcalde a Universidade de Vigo suficientemente? Por iso non merece que se lle quite o IBI e que se lle deixe empregar eses recursos en mellorar a formación, sinceramente parécenos outra das posturas absolutamente lamentables.

Propuxemos emendas en cultura, en xuventude, si Sr. Alcalde, para vostede todo o mundo teno que facer os outros, pero cando lle toca a vostede cando é da súa competencia non está nin se lle espera, Sr. Alcalde, así non Sr. Alcalde, así imos moi mal, menos soberbia, máis autocrítica e máis pensar no que os cidadáns necesitan Sr. Alcalde.

Queremos tamén apostar pola nosa xuventude, porque hai que axudar aos mozos desta cidade porque é necesario que apoiemos tamén ás familias, ás familias directamente si, para fomentar a natalidade, un dos grandes problemas que temos e si propuxemos 600 euros de axuda ao primeiro fillo e 1.200 euros ao segundo e seguintes, si xa existe na Xunta de Galicia unha axuda exactamente igual e hai que sumar, as administracións teñen que sumar para axudar ás familias, as familias son a base da nosa sociedade e hai que estar do carón das familias e hai que poñer o transporte gratuíto para os menores de 18 anos porque así tamén se axuda ás familias, hai que realmente potenciar o turismo non só de boca, non, hai que facelo porque están vostedes baixando as partidas destinadas ao turismo.

Apostamos tamén por axudar ao medio ambiente, para axudar ás parroquias as grande esquecidas unha vez máis do seu Orzamento, mellorando viais e beirarrúas, cun plan de pavimentación, un plan tamén para axudar ás parroquias para mellorar o transporte, temos un transporte público terceiro mundista en Vigo, que ten totalmente illadas ás parroquias do centro da cidade, que non se pode chegar ao hospital que se tarda máis dunha hora en chegar ao hospital, que o outro día estiveron aquí abaixo os veciños de Teis pedindo que por favor se mellorara o transporte público ao hospital, e sabe cal é a resposta do goberno municipal e do Sr. Alcalde? Que é que fixeron o hospital moi lonxe, Sr. Alcalde, é unha tomadura de pelo, o hospital está feito no termo municipal de Vigo, pero que terreos puxo a disposición da Xunta de Galicia o Alcalde de Vigo para facer un hospital, que terreos puxo a disposición da Xunta de Galicia? Ningún Sr. Alcalde, só

puxo vostede trabas para facer un hospital e se fixo no termo municipal de Vigo e vostede para ocultar o Plan de Transporte absolutamente deficitario que teñen vai vostede é di que o hospital está moi lonxe, non tome o pelo aos vigueses porque os vigueses o que necesitan do seu Alcalde é seriedade, rigor e que non lles tome o pelo e que non se ría deles cando tódolos días teñen que desprazarse en autobús persoas maiores, por certo, e tardan máis dunha hora en chegar.

En definitiva Sr. Aneiros, non sei de que presumen sei que na súa contestación e na que faga o Sr. Font volveranse a acordar da Xunta de Galicia, do goberno de España, pero os vigueses queren oír falar de Vigo, e non queren que o seu goberno presuma, queren que o seu goberno governe tódolos días, que non diga que ten 17 concelleiros porque sabe o que lles pasa que vostedes son un goberno de cantidade, pero non de calidade e o están a pagar os vigueses/as, son vostedes o goberno do non a todo porque si, o goberno do rodete, a peor cara da maioría absoluta, pero nós aínda así seguimos tendéndolle a man e seguimos dicíndonos, sentarémonos con vostedes se queren para analizar estas emendas que responden ao que realmente necesitan os vigueses/as, queremos un Vigo mellor, queremos que o fagamos todos xuntos, e esperemos que sigan e que deixen de facer oídos xordos, escoiten á cidade e escoiten á oposición.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade que despois de escoitar as cousas que escoitei tería motivos para estar tan enfadada como vostede pero non vou utilizar ese ton que utilizou vostede durante toda a intervención.

Sra. Muñoz, os vigueses falan, o que pasa é que vostede non escoitou aos vigueses.

Vou contestar cronoloxicamente primeiro ao grupo de Marea de Vigo e despois a vostede porque é necesario facelo, pero certamente oír a unha voceira do Partido Popular falar de sanidade, educación, de política social sen falar de recortes e sen falar a que situación levaron aos cidadáns do estado español en xeral, dende logo é tremendo.

Con relación á intervención do Sr. Pérez, mire levamos dous anos e eu ao final aínda non sei o que son un orzamentos participativos, porque fala vostede de devolver, de que vostedes non terían que propoñer nada e mete aí un “batiburrillo” no que eu son incapaz de entenderme, agora iso si, do que estou convencido é de

que é conveniente que os orzamentos entren en vigor o 1 de xaneiro polo que significan, que non é necesario explicalo, a que entren en agosto como en A Coruña, e tampouco entendo o concepto de participativo porque se o modelo é do A Coruña protestando tódolos sectores sociais un tras outro, creo que ese non debe ser o modelo, o que pasa é que temos un concepto diferente ao concepto de orzamento participativo, afirmo categoricamente que o Orzamento participativo é aquel se fai durante os 365 días ao ano, non vale remitirse estritamente á asociacións de veciños ou non, estamos con todo o tecido social, pero é falando cos 300.000 habitantes desta cidade, porque os concelleiros desta maioría cualificada en calidade e en cantidade, imos a actos tódolos fins de semana e tódolos días e preguntánnos onde están vostedes, polo tanto, iso si que é interesante.

Mirar para Madrid ou Barcelona pois cando queira, o que pasa é que eu a Madrid vou habitualmente e veo a xente que dorme en Callao, en Gran Vía, en determinadas rúas no centro e acabo de estar este fin de semana en Barcelona e vin o que pasa no Paseo de Gracia e na Diagonal, polo tanto, si que se miramos a esas cidades a comparación é evidente. Logo cando fala de transparencia, a transparencia é unha obriga, nós facemos o que realmente nos corresponde e claro, eu comprendo que vostede en escasamente quince minutos se contradí de tal maneira de contarnos que no concello de Madrid hai folla excell, non creo que o problema sexa o formato, para logo a continuación dicir vostede frase textual “calquera cidadán que vexa na web o orzamento de Vigo poderá ver”, en que quedamos? En que cumprimos coa transparencia ou en que non a cumprimos.

Logo o tema da política social, se é que non hai clasificacións para a política social, se é que cando Vigo se instaurou unha política de antidesafiuzamentos, de axuda ao aluguer, á alimentación e das axudas que temos por moito que a critiquen vostedes, estamos configurando a mellor política social de España, é que é xusto ao revés, é que alguén nos ten que demostrar onde hai unha mellor política, non vale quedarse simplemente cos mantras das concesionarias e demais, hai que ir á política social, o que supón, o que se incrementa esta ano e o que están a facer outras cidades porque noutras cidades como en A Coruña ían implantar unha política social de axuda de mil euros e quedáronse polo camiño.

Mire, en relación co emprego, eu non discutir de política keynesiana porque agora

dos empregos e das políticas keynesianas fala todo o mundo co cal xa nos copiaron e é evidente que é o modelo, o que si é certo é que cando un concello incrementa en sete millóns, cando vai ter 16 millóns creo lembrar, para políticas de investimentos, é evidente que se está a crear emprego, a min non me corresponde analizar as contas de resultados das empresas como dicía vostede.

Partido Popular, comezaba a Sra. Muñoz dicindo que o Sr. Aneiros non defrauda, é evidente que non, vostede si Sra. Muñoz, vostede defrauda permanentemente a esta cidade, vostede si que defrauda a esta cidade, porque logo, e llo dicía anteriormente, fala de impostos, de política social e de bancarrota, e di que o Sr. Aneiros non lle pode dar a vostede leccións en relación con técnica presupostaria, Sra. Muñoz, lle pode dar tódalas leccións, sabe o peor que se pode dicir de vostede e eu non quero entrar na súa cualificación profesional, o peor que se pode dicir de vostede en relación coa emenda que se presentou neste Orzamento, é o que di a dirección contable, vostede recomenda ler aos demais pero o que ten que facer é ler vostede, non llo di o Sr. Aneiros ou o Sr. Font, dillo quen llo debe de dicir da parte técnica deste Concello, e literalmente a súa emenda é descualificada porque aceptala suporía o incumprimento das dotacións para facer fronte aos contratos formalizados, contratos todos do Partido Popular, Sra. Muñoz, produciría un desequilibrio orzamentario, non o Alcalde o Sr. Caballero, produciría a xeración dun déficit oculto e enriba do desequilibrio anterior poría en xogo os empregos e os desempregos de aqueles que están nesas empresas.

Polo tanto, Sra. Muñoz, fíxese que non é a miña cualificación profesional pero ata eu doulle leccións a vostedes do que é técnica presupostaria.

Eu xa lle contestei o outro día, como se atreve vostede a vir aquí cando cambiou un hospital público a privado nunha mañá, non poña esa cara de indignada porque quedou vinte veces en traerme aquí o informe que supón o contrario e non o fixo aínda. Polo tanto, cando vostede fala do lado dos que necesitan, da política social, pero como pode facer a demagogia de utilizar o caso de dúas persoas con nomes e apelidos cando no seu debe, nas políticas do Estado, de Comunidades Autónomas hai millóns de nomes que sofren os recortes, porque política social Sra. Muñoz, son os nenos galegos que viven na pobreza e que a Xunta de Galicia os abandona, política social son os galegos que teñen un salario por debaixo do salario mínimo interprofesional e Galicia é líder nestes temas, porque política social son os

recortes salvaxes en violencia de xénero, produce indignación, escoitala falar de violencia de xénero co recorte das políticas, pode repetir oito mil veces que lle da vergoña o que lle estou a dicir, pero é a realidade e como vostede no seu partido non se soe atopar con xente que lle di as verdades, eu si, e vostedes non poden presumir de política social porque política social son os centros educativos nos que entra auga e cáense a trouzos en Galicia, porque política social son os recortes en comedores sociais que fai a Xunta de Galicia. Esta é a política social e logo ademais demagoxicamente por moito que se queiran rir, falan moito de familia cando dende o goberno do Sr. Zapatero propúxose e se fixo o cheque de 2.500 euros, miúda montaron vostedes, polo tanto, Sra. Muñoz, a emenda que propoñen é unha barbaridade, e non o digo eu, como explicaba anteriormente, senón que é unha ilegalidade, vostedes non teñen modelo para esta cidade e ano tras ano e con vostede debo dicir que están empeorando aínda, as propostas son peores, porque eu non sei se deu conta coa proposta que fai o que emenda realmente é só o 4,29% do Orzamento e o que non se pode dicir Sra. Muñoz, nunha emenda, é recortar e axustar uns contratos porque a pregunta é cantos contratos rebaixou vostede na Xunta de Galicia? Cantos contratos acondicionou para levalos a política social? Absolutamente ningún.

A conclusión, Sra. Muñoz, é que vostede ten un problema de credibilidade, que arranca coa súa presentación ás eleccións, que continua co resultado que obtén nas eleccións e que continua aínda máis neste ano e medio co que está a facer. Vostede perdeu neste debate oportunidades claves, porque sabe con que se complementa este Orzamento que hoxe imos aprobar inicialmente? Co que fai a Deputación de Pontevedra por esta cidade, tócalle a quenda de rir, pero eu sei que é unha risa nerviosa, Sra. Muñoz, porque si porque a pata que necesitaba esta cidade é que a Deputación de Pontevedra atendese convenientemente a esta cidade, cuestión que durante os cento e pico anos que creo que se gobernou dende a dereita, non se fixo. E por que lle digo que perdeu unha oportunidade histórica neste debate porque a outra pata é a Xunta de Galicia, apuntáballo o Sr. Aneiros, pero vostede aquí en nome do Partido Popular o que ten que levantar, debería levantar, é a voz porque haxa o mesmo investimento cando menos que a que fai a Deputación de Pontevedra que se faga por parte da Xunta de Galicia, porque hai moitas cuestións porque eu sei que vostede estes días está nunha

campana no seu partido e demais, e como se ten que expoñer cara o exterior tamén os que non somos do seu partido lemos as súas entrevistas e vostede onte nun titular dicía “os intereses de Vigo están por enriba de todo e os defenderei con voz clara e sen dúbidas”, o que vostede acaba de facer aquí é o contrario do que di este titular de prensa de onte. No seu partido din que é vostede a candidata oficial, e nós xa o dixemos hai moito tempo cando dixemos que vostede viña ao Concello de Vigo como candidata só a defender os intereses do Sr. Feijóo e do Partido Popular, porque se a entrevista de onte tivera sido verdade, vostede hoxe levaría a voz, reclamaría o que a SOGAMA lle pagásemos menos como dicía anteriormente o concelleiro, non se liaría con historias de sobre custos en Balaídos, non, levaría a voz e diría goberno da Xunta de Galicia debe de estar como o da Deputación de Pontevedra, en Balaídos, e vostede fai o contrario, vostede tería que ter aproveitado esta oportunidade para que o aparcadoiro do hospital fose un aparcadoiro gratuíto, Sra. Muñoz, que aínda e díxenllo en moitos debates estou esperando a que vostede levante a voz. Tamén debería levantar a voz tendo en conta que votou unha moción e tendo en conta que recollen sempre as suxestións do sector empresarial de que os accesos en Buenos Aires vaian nos Orzamentos da Xunta de Galicia, debería ser conveniente que vostede o dixera. Comprendo e o confirma que vostede está aquí para defender as políticas da Xunta de Galicia cando pasou por alto algo tan importante, porque a vostede encántalle falar de cidade, di que non falemos doutras cuestións, que opinión lle mereceu a vostede o outro día cando o Sr. Feijóo no debate de investidura falou do AVE a A Coruña e a Lugo e esqueceuse do Vigo-Cerdedo? Vostede cando esa maña leu a prensa ou día anterior os teletipos, que pensou? Estaba alí, non o sabia. Sra. Muñoz, eu laméntoo por vostede persoalmente pero sinceramente, hoxe, cando dicía anteriormente de defraudar, hoxe volveu vostede a defraudar aos vigueses, vostede levou a un partido de 13 concelleiros a 7 concelleiros, vostede, como candidata, vostede conseguiu que a Xunta de Galicia non colabore con esta cidade, e vostede que tiña unha oportunidade magnífica hoxe de levantar a voz e de dicir o futuro de Vigo está no que se fixo, no que progresa, na axuda da Deputación de Pontevedra que é estritamente a que corresponde e na similar que debería ser a Xunta de Galicia, vostede terá esa responsabilidade ante os vigueses.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois si, a verdade é que o Partido Popular perdeu a oportunidade de facer algo por esta cidade porque como xa quedou dito non ten modelo político para esta cidade, tres simples datos para xustificar a falla de credibilidade das propostas do Partido Popular, vostedes falan primeiro, de presión fiscal, voulle dar datos de presión fiscal oficial das cidades, Vigo 492 euros, A Coruña 550, Pontevedra 558, Santiago de Compostela 585, Ourense 656, a presión máis baixa das cidades de Galicia, datos oficiais do Ministerio de Facenda, pero máis alá, se collemos as principais rúas das cidades temos que o recibo medio na rúa do Príncipe son 308 euros, nós imos a Ourense 540 euros na rúa Progreso, en A Coruña na rúa Real 480 euros, en Santiago de Compostela na rúa Alfredo Graña 510 euros, Pontevedra rúa Benito Corbal 448 euros, polo tanto o importe dos recibos máis baixo de tódalas cidades de Galicia, e non só a presión fiscal máis baixa senón débeda cero Sra. Muñoz, decátese. Polo tanto, non nos veña a infundir dúbidas sobre canto custo vivir en Vigo.

Segunda matización e segunda oportunidade perdida da Sra. Muñoz, e non o digo eu nin datos oficiais, ven a solicitar vostede maior investimento en Benestar, en políticas sociais, un estudo que non é sospeitoso de ser parcial porque é dun estudo universitario na revista de ciencias sociais, revela que no período, por certo, no que vostede foi concelleira, o benestar na Xunta de Galicia sabe conto baixou? O 18%, Sra. Muñoz, non nos veña a dicir a nós que non adicamos recursos a política social, polo tanto, as tesoiras aplicábanas vostedes na Xunta de Galicia.

Terceiro mantra contra o que vostedes pretenden facer ilusión coa cidadanía, estudo da OCU, Vigo entre as cidades coa auga máis barata, non só de Galicia senón de toda España, estudo da OCU, non o digo eu, estará comigo en que a súa credibilidade neste Pleno, nesta cidade baixa constantemente.

Polo tanto, somos o goberno que mellor xestiona, non me pretenda dar vostede a min tampouco leccións porque non llas admito porque as súas supostas boas prácticas cando era conselleira na Xunta de Galicia, consistían en deixar facturas nos caixóns, consistían niso, consistían nun exercicio orzamentario que é do 1 de xaneiro ao 31 de decembro, curiosamente finalizaba en agosto, para recortar, para facer os recortes en asistencia, no que necesita a xente, o recorte en educación que fixo a Xunta de Galicia de aí viña e tamén viña desas auditorías en cinco minutos no hospital, nas que se autoriza un hospital privado en Vigo e dos

recortes, si Sra. Muñoz, diso tamén estamos a falar porque iso tamén é Vigo.

Da xestión, cando o Sr. Rajoy é presidente do goberno de España, a débeda pública está no 100% do produto interior bruto, cando gobernaba o Partido Socialista, o Sr. Zapatero, a débeda pública estaba no 60% do PIB, así que creo que leccións de gobernar non nos ten que dar ningunhas porque o que fan vostedes é baixar os impostos para as familias máis ricas, para os grandes patrimonios para que non recade o Estado, para engordar a débeda do Estado, así que non nos dean leccións a nós Sra. Muñoz.

Falando máis polo miúdo de Vigo, dicíano o meu colega de goberno o Sr. Font, esperábase algo máis, que defendesen o AVE por Cerdedo, que a Xunta de Galicia tiña que estar no Estadio Municipal de Balaídos achegando como fai o Concello de Vigo e como fai a Deputación de Pontevedra, non estar ausentes nunha gran obra da cidade, nun gran investimento para a cidade e da cidade, senón estar presentes, a Xunta de Galicia optou por estar á marxe e vostede referenda a posición da Xunta en Vigo, igual que referenda a posición da Xunta de Galicia en Vigo con cobrar o aparcadoiro nun hospital, con xogar coa saúde das persoas Sra. Muñoz, defenda a gratuidade do aparcadoiro no hospital Álvaro Cunqueiro, non a vemos ao carón da cidade defendendo eses intereses. Igual que tampouco a vemos ao carón da cidade defendendo ao Aeroporto desta cidade, o Aeroporto de Peinador, de Vigo, o Partido Popular sistematicamente promociona o Aeroporto de Santiago de Compostela, de Lavacolla, e non vemos presente esta defensa da cidade no Partido Popular, nin en Vigo nin en Galicia.

En investimentos, como dicía na miña intervención inicial, a última humanización que se fixo por parte da Xunta de Galicia en Vigo veu do goberno do Sr. Touriño, dende entón a Xunta de Galicia está ausente totalmente nesta cidade, a presenza da Xunta de Galicia é irrelevante, só para facer algunhas fotos porque as propostas que fai o seu líder, o Sr. Feijóo están destinadas ao puro marketing ou non as cidades, e dende logo non a Vigo, porque as propostas que fai o Sr. Feijóo están adicadas fundamentalmente aos pequenos municipios, non as cidades e non polo tanto a esta cidade de Vigo nin tampouco da Área Metropolitana de Vigo, senón que adicadas a outras cidades, dicíano hai uns minutos, falaba do AVE a A Coruña pero non falaba do AVE a Vigo, esíxalle vostede esas responsabilidades, que invista en Vigo, porque moitos dos programas que ten a Xunta de Galicia son puro

marketing, mentres este concello adica tres millóns de euros ás axudas antidesafiuzamentos, a Xunta de Galicia só 23.000 euros fronte a tres millóns de euros, os datos son claros e controvertidos. Programa de vivendas baleiras, puro marketing, non teñen ningunha vivenda baleira en aluguer, nós temos vivendas, temos por certos casas para mulleres que sofren, como vostede dicía, maltratos, temos nós un servizo que debería ser da Xunta de Galicia, nós, o Concello de Vigo inviste máis en igualdade cara as mulleres que a Xunta de Galicia.

Marea de Vigo, Sr. Pérez, vostede dicía efectivamente que de economía sabe pouco, eu non pretendo darlle ningunha clase na sesión de hoxe pero si falar dalgunhas cuestións que vostede facía referencia, orzamentos participativos, como xa se lle dixo no Consello Social, na Comisión e neste Pleno este goberno fai un Orzamento participativo os 365 días do ano e cando é bisesto os 366, porque estamos nas rúas, estamos en contacto coa cidadanía, coas asociacións, coas empresas, cos empresarios cos colectivos, estamos nesa fase de orzamento participativo. Orzamento participativo tamén é acordar o orzamento do capítulo I, é dicir, de gastos de persoal co comité de empresa e aí estamos, acordando o orzamento de persoal co Comité de Empresa, non hai ningunha queixa agás a dun sindicato minoritario e que se adica a facer política contra o sistema, o único que temos só en contra. Por certo, tamén debería dicirnos se o que pretenden é facer un orzamento participativo como vostedes fan na cidade da A Coruña de tan só un millóns de euros, non fagan fogos de artificio porque este é o Orzamento que precisa a cidade e este é o goberno máis participativo, o que está máis en contacto coa cidadanía.

No que se refire ás concesionarias, vostedes teñen un mantra pero son contratos, é xestión directa por parte deste Concello, non xestión indirecta vía concesionarios, é xestión directa por parte deste Concello, por certo, a maioría dos contratos teñen como factor o emprego, o compoñente maioritario, 80% ou 90% de tódolos contratos deste Concello son gastos de contratación de emprego, polo tanto, se o que vostede pretende é que non haxa limpeza, alumeadado público, servizos para a cidadanía, díganolo porque xa veremos.

Por suposto, na política de investimentos seguiremos adicando partidas a toda a cidade, ao rural, aos barrios, á vila de Bouzas, os distintos elementos de toda esta cidade porque iso é o que crea emprego, non só as partidas directas de emprego

senón tamén as que se conceden a través do Plan de Emprego e da humanización da cidade, polo tanto son os mellores orzamentos que ten esta cidade en moitos anos e polo tanto uns orzamentos marcadamente sociais, máis de 10.000 familias atendidas e de carácter de investimento.

PRESIDENCIA: Rematado o debate procedemos ás votacións, primeiro débense votar as emendas e a continuación a aprobación inicial do ditame de acordo co resultado da votación das emendas.

Procedemos primeiro á votación das emendas, unha emenda á totalidade do grupo de Marea de Vigo que aparece na forma na foi rexistrada.

(No momento da votación atópase ausente o Sr. Rodríguez Díaz)

VOTACIÓN DA EMENDA DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitada a emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira,

Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitada a emenda.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Proxecto de Orzamentos por Áreas de Gasto Entidade e consolidado, comparativo 2016-2017

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2017	2016		2017	2016	
0	Débeda Pública	,00	2.907.210,82	- 100,00 %	,00	2.907.210,82	-100,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	111.689.558,63	3,77%	118.262.805,78	111.947.227,85	5,64%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%
3	Producción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%
4	Actuacións de carácter	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%

	económico						
9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%
Total		230.736.506,00	225.673.317,20	2,24%	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente³

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	64.636.637,38	68.531.459,73	I	105.386.182,34	105.386.182,34
II	118.126.501,49	119.645.166,67	II	7.871.804,00	7.871.804,00
III	7.030,00	7.030,00	III	37.245.569,63	38.326.169,63
IV	32.884.979,13	27.061.579,13	IV	77.338.950,03	76.081.437,56
V	600.000,00	600.000,00	V	2.168.000,00	2.178.000,00
TOTAL G.Co.Op.NF	216.255.148,00	215.845.235,53	TOTAL I.Co.Op.NF	230.010.506,00	229.843.593,53
VI	13.528.498,00	16.221.498,00	VI	,00	2.500.000,00
VII	305.000,00	355.000,00	VII	80.000,00	80.000,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	13.833.498,00	16.576.498,00	TOTAL I.Cp.ONF	80.000,00	2.580.000,00
TOTAL G.Op.NF	230.088.646,00	232.421.733,53	TOAL I.Op.NF	230.090.506,00	232.423.593,53
VIII	647.860,00	672.860,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	,00	,00	IX	,00	,00
TOTAL G.Op.Cp.F	647.860,00	672.860,00	TOTAL I.Op.Cp.F	646.000,00	671.000,00
TOTAL G.Op.Cp.	14.481.358,00	17.249.358,00	TOTAL I.Op.Cp.	726.000,00	3.251.000,00
T.X. GASTOS	230.736.506,00	233.094.593,53	T.X. INGRESO	230.736.506,00	233.094.593,53

Proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	3.894.822.35	3.894.822.35	0.00%			
2	1.518.665.18	1.440.240.37	5.45%			
3				1.080.600.00	1.365.489.77	-20.86%

³ Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai a XMU, e os ingresos que o organismo fai á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise na XMU seguindo o mesmo criterio.

4	1.325.512.47	1.375.512.47	-3.64%	5.891.400.00	5.705.407.84	3.26%
5				10.000.00	24.000.00	-58.33%
6	2.693.000.00	384.322.42	600.71%	2.500.000.00		100.00%
7	50.000.00		100.00%			0.00%
8	25.000.00	25.000.00	0.00%	25.000.00	25.000.00	0.00%
Total	9.507.000.00	7.119.897.61	33.93%	9.507.000.00	7.119.897.61	33.53%

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobo para o Organismo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2017-2020, que quedará sometido aos axustes que cada no se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2017, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2017, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

O Pleno da Corporación pronunciárase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, á proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda previo informe da Intervención Xeral Municipal.”

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vinteún minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.